

ASUNTO PLE/2021/00038753X

ACTA NÚM. 13 - SESIÓN ORDINARIA 29 DE XULLO DE 2021

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:30 horas** do día **29 de xullo de 2021**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, Interventor xeral do concello.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se

encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria do día 30 de xuño de 2021 (núms. 11 e 12).**
- 2. Aprobación definitiva do Estudo de Detalle para a mellora da accesibilidade e as condicións xerais nas edificacións do grupo de vivendas Diego Xelmírez. Santa Marta de Arriba, números 25 a 33.**
- 3. Aprobación definitiva do Estudo de Detalle da parcela EQ-2 do parque empresarial da Sionlla.**
- 4. Solicitude de inicio de avaliación ambiental da Modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12. Antigo Colexio Manuel Peleteiro.**
- 5. Proposta da Concelleira delegada de facenda, persoal e contratación de recoñecemento extraxudicial e aprobación de créditos devindicados en exercicios pechados, por importe total de 125.488,31 euros.**
- 6. Modificación acordo establecemento réxime fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos sobre gastos e obrigacións no exercicio da Función Interventora.**
- 7. Determinación de festivos locais para o ano 2022.**
- 8. Proposición do Grupo Municipal do BNG para a realización das obras comprometidas para a humanización da zona do Restollal, no Castiñeiriño.**
- 9. Proposición conxunta dos Grupos Municipais do Partido Popular, Compostela Aberta e Bloque Nacionalista Galego para a constitución dunha comisión de estudo que avalíe e supervise a tramitación de creación dun polo de innovación tecnolóxica na Sionlla.**
- 10. Proposición do Grupo Municipal de Compostela Aberta sobre as melloras e revisións necesarias da mobilidade por causa das obras do Camiño Francés no Barrio de San Pedro.**
- 11. Proposición do Grupo Municipal do Partido Popular para o estudo das posibilidades de incorporar á recualificación da parcela do antigo colexio Peleteiro dunha maior utilidade pública.**
- 12. Dar conta de resolucións de Alcaldía, das Concellarías Delegadas e Actas de Xunta de Goberno Local.**
- 13. Comparecencia do Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade e Festas.**
- 14. Rogos, preguntas e interpelacións.**

Rogos:

- 1.- Rogo do grupo Municipal do BNG para impulsar o saneamento e abastecemento**

para que poidan instalarse novos establecementos no rural.

2.- Rogo do Grupo Municipal do BNG para pintar pasos de peóns no polígono de Costa Vella que unan os locais comerciais.

3.- Rogo do Grupo Municipal do BNG para a recuperación, dignificación e divulgación do Panteón Real da Catedral de Santiago de Compostela.

4.- Rogo do Grupo Municipal de Compostela Aberta para implementar varias melloras na integración da Estación Intermodal no Barrio de Pontepedriña.

5.- Rogo do Grupo Municipal do Partido Popular para a instalación dunha Rede e reorientar a iluminación na pista polideportiva do Carregal, no Eixo.

6.- Rogo do Grupo Municipal de Compostela Aberta para a diminución das listas de agarda do servizo de axuda no fogar.

7.- Rogo do Grupo Municipal de Compostela Aberta para que o Concello de Santiago cumpra coa normativa vixente para a instalación de cámaras de vixilancia dentro do ámbito do Plan Especial da Cidade Histórica.

8.- Rogo do Grupo Municipal do Partido Popular para a reparación ou reposición de catro lousas na beirarrúa da Rúa Doutor Teixeiro.

Preguntas resposta oral:

1.- Pregunta do Grupo Municipal de Compostela Aberta sobre a execución do tramo da vía verde Santiago-Cerceda correspondente ao termo municipal de Santiago.

2.- Pregunta do Grupo Municipal de Compostela Aberta sobre a necesidade de habilitar unha zona de verde de estacionamento para a veciñanza das rúas dos Pintores Lino Villafínez e Modesto Brocos.

3.- Pregunta do Grupo Municipal do BNG ao Goberno Municipal encol ao Imposto de Plusvalías / IITNU.

4.- Pregunta do Grupo Municipal do BNG encol as axudas de apoio a actividades culturais.

5.- Pregunta do Grupo Municipal do BNG encol a licenza para encher de residuos o oco da canteira de Fecha vaia adiante, co fin de evitar un novo vertedoiro.

6.- Pregunta do Grupo Municipal do Partido Popular sobre o servizo de mantemento do cemiterio de Boisaca.

7.- Pregunta do Grupo Municipal de Compostela Aberta para que o Goberno Municipal informe das súas intencións ao respecto de varios servizos de limpeza e conserxarías que actualmente ten en precario e sen contrato.

8.- Pregunta do Grupo Municipal do Partido Popular sobre a nova licitación do servizo das escolas infantís de Conxo e Fontiñas.

9.- Pregunta do Grupo Municipal do Partido Popular sobre a realización de consultas preliminares ao mercado e o acceso ao expediente de licitación do servizo de transporte urbano colectivo.

Preguntas resposta escrita:

1.- Pregunta do Grupo Municipal do BNG encol da apertura de procedemento do proxecto de novos aseos públicos na Avenida de Raxoi.

2.- Pregunta do Grupo Municipal do BNG referente á reforma do regulamento de Persoas Maiores para incorporar representantes de organizacións sindicais.

3.- Pregunta do Grupo Municipal do BNG de se ten previsto o Goberno Local ampliar o bonobús de balde ou a prezo superreducido para persoas desempregadas de longa duración.

15. Mocións.

- 1.- Moción do Grupo Municipal de Compostela Aberta para o coidado e protección dos parrulos do Auditorio e da Alameda de Santiago.
2. - Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE instando ao Pleno da Corporación a declarar o Concello de Santiago de Compostela como zona de liberdade para as persoas LGTBIQ.
- 3.- Moción do Grupo Municipal do BNG para permitir a continuidade en centros de educación especial a alumnado maior de 21 anos.
- 4.- Moción do Grupo Municipal do BNG para habilitar novos parques de cans ceibos e retomar a campaña de concienciación sobre bos hábitos e convivencia con mascotas.
- 5.- Moción do Grupo Municipal do BNG para a organización dos comedores, en diálogo coas ANPA, para o próximo Curso Escolar.
- 6.- Moción do Grupo Municipal do BNG para habilitar unha instalación externa adecuada na praza do Irmán Gómez que facilite a labor da cociña económica.
- 7.- Moción do Grupo Municipal de Compostela Aberta para mellorar a a seguridade viaria na estrada DP0701 de Santiago ata Portomouro.
- 8.- Moción do Grupo Municipal do Partido Popular sobre a convocatoria dunha praza de Xornalista.
- 9.- Moción do Grupo Municipal de Compostela Aberta para a posta en marcha dunha campaña de difusión e promoción para dar a coñecer as prestacións sociais ás que pode acceder a veciñanza de Santiago.

Antes de entrar a tratar os asuntos incluídos na orde do día da presente sesión, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da COVID e da violencia de xénero.

Seguidamente teñen lugar as seguintes intervencións:

Don José Bernárdez Matovelle, en representación da comunidade de propietarios de República Arxentina como persoas interesadas, en relación ao punto número 4 da orde do día, de solicitude de inicio de avaliación ambiental da modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-2. Antigo Colexio Peleteiro.

Don José Manuel Touriñán López, en relación tamén ao mesmo asunto.

Preséntanse para ser tratados na presente sesión, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos/as concelleiros/as, e que van ser introducidos a continuación do punto núm. 6 da orde do día, coa numeración que se indica os seguintes asuntos:

7. Proposta de aprobación dos xustificantes de gastos de peaxes, combustibles, aditivos e lavados para vehículos do Parque Móbil correspondentes aos anos 2015, 2016, 2017 e 2018.

8. Proposta levantamento de reparo. Pagos efectuados mediante adeudo directo en conta bancaria de titularidade municipal durante o ano 2020.

9. Aprobación do expediente de crédito extraordinario nº 2021.CREXT-07 por importe 8.466,86 euros financiado co remanente líquido de Tesourería para gastos xerais do Concello do exercicio 2020, e recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar unha parte dos gastos rexistrados na conta 413.

10. Aprobación do expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-09 por importe de 24.000 € financiado con baixas de anulación.

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2021 (NÚMS. 11 E 12).

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba a acta correspondente á sesión ordinaria do día 30 de xuño de 2021, coas seguintes salvidades:

No Punto 6 da orde do día, “Aprobación da modificación do cadro de persoal do ano 2021”, suprimese dende: “O resumo é o seguinte”, ata o final.

No punto 19, “Toma en consideración de mocións presentadas polos Grupos Políticos municipais”, na de condena ao ataque á exposición na Alamada sobre mortes de persoas refuxiadas e migrantes, e en defensa deses mesmos colectivos, recoller a intervención de D. Alejandro Sánchez-Brunete no senso de que tanto él como os restantes membros do seu grupo, subscriben a parte resolutiva do acordo, pero non a exposición de motivos.

Así mesmo, o Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión extraordinaria do día 30 de xuño de 2021.

2. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE E AS CONDICIÓNS XERAIS NAS EDIFICACIÓNS DO GRUPO DE VIVENDAS DIEGO XELMÍREZ. SANTA MARTA DE ARRIBA, NÚMEROS 25 A 33.

O informe xurídico emitido pola xefa da Sección de Xestión Urbanística con data 8 de xuño do corrente ano e recollido na proposta da concelleira delegada da área de data 9 de xuño, ten o seguinte contido:

“1. Obxecto de Estudo de detalle

O proxecto ten por obxecto definir as condicións de intervención nos edificios do grupo de vivendas Diego Xelmírez -números 25 a 33 da rúa Santa Marta de Arriba- para realizar actuacións de mellora da accesibilidade e da funcionalidade das vivendas existentes.

O ámbito do estudo de detalle figura integrado polos seguintes inmobles:

- Unidade edificatoria 1: Edificio nº 25-27 da rúa de Santa Marta de Arriba. Ref. catastral 6267601NH3466G.
- Unidade edificatoria 2: Edificio nº 29 da rúa de Santa Marta de Arriba. Ref. catastral 6267701NH3466E.
- Unidade edificatoria 3: Edificio nº 31-33 da rúa de Santa Marta de Arriba. Ref. catastral 6267801NH3466E.

No estudo de detalle regúlase a implantación dos ascensores, así como outras condicións estéticas e de composición das edificacións, e defínense as actuacións de reurbanización a realizar simultaneamente á instalación do ascensor. Así mesmo, defínese como aliñación do conxunto a definida polos edificios existentes, incorporando os espazos libres entre bloques ao sistema de espazos libres públicos da cidade.

Para as unidades edificatorias 1 e 3, prévese a disposición dos ascensores polo

exterior da edificación, ocupando parte dos espazos libres, de titularidade pública, que forman os patios abertos. No edificio nº 29 (unidade edificatoria 2) dispónse o ascensor adosado á fachada principal.

2. Planeamento e normativa aplicable

Os inmobles afectados inclúense no ámbito de aplicación da **ordenanza 9 A** do Plan xeral vixente (artigo 146), correspondente a *actuacións unitarias consolidadas* de vivenda colectiva. A citada ordenanza esixe o mantemento do carácter unitario do conxunto, se ben permite que, mediante a aprobación dun Estudo de detalle e a través dun proxecto unitario, se introduzan elevadores e outros elementos co fin de mellorar as condicións de accesibilidade das vivendas, mesmo mediante *desafectación* do dominio público dos terreos afectados.

O RD lexislativo 7/2015 -polo que se aproba o vixente Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana-, no seu artigo 24.4, habilita a ocupación *de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal, así como as superficies comúns de uso privativo (...), cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos públicos afectados.*

Análoga disposición se contén no artigo 13.2 da Lei 1/2019 de *rehabilitación, de rexeneración e de renovación urbanas de Galicia*, así como no artigo 99.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia, que permite a ocupación de *elementos privativos e comúns* coa mesma finalidade.

Esta ocupación **esixe a delimitación espacial do correspondente ámbito de actuación** (conxunta ou illada), cuxa aprobación definitiva é causa suficiente para que se estableza, ben unha *cesión de uso do voo* polo tempo en que se manteña a edificación, ben a *recalificación e desafectación* do dominio público, a fin de acordar o seu alleamento á comunidade ou á agrupación de comunidades das persoas propietarias.

Considerando a dobre alternativa que prevé o citado precepto, no seu momento avalíase pola Sección Municipal de Patrimonio a conveniencia de acordar a cesión de uso ou, de ser o caso, a desafectación e alleamento dos terreos afectados, co cumprimento dos requisitos e trámites legal e regulamentariamente aplicables.

3. Resultado do trámite de participación pública

En aplicación do procedemento regulado polos artigos 80.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 194 do seu Regulamento, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 6 de xullo de 2020 e someteuse a **información pública durante o prazo dun mes**, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *El Correo Gallego* o día 20 de agosto de 2020. Simultaneamente, practicouse citación persoal a todos os propietarios catastrais afectados e publicouse edicto no Boletín Oficial do Estado do día 20.08.2020

Durante o trámite de participación pública formuláronse as seguintes ALEGACIONES:

1ª. Don JESÚS RAMÓN VARELA CARREIRA, propietario dunha vivenda sita no número 27 da rúa Santa Marta de Arriba, alega que o estudo de detalle, promovido

pola Comunidade de Propietarios da unidade 3, non conta coa aceptación das outras comunidades de propietarios afectadas, que se corresponden coas unidades edificatorias 1 e 2. Advirte que existen erros en canto á identificación das unidades que se contén no plano e7, e formula unha proposta alternativa de emprazamento do ascensor entre os tramos das escaleiras, co obxecto de non cegar as fiestras de luz e de ventilación dos aseos que afectaría a 2 vivendas por planta.

2ª. Don RAMÓN CUIÑA MACEIRA E OUTROS propietarios do número 29 manifestan que a súa Comunidade non autorizou a proposta do estudo de detalle presentada, e que a súa execución resultaría especialmente gravosa para os veciños do inmovible, ademais de que podería afectar á estrutura do edificio.

As alegacións presentadas foron obxecto dun informe asinado o 23.10.2020 polo arquitecto xefe do Servizo Municipal de Planeamento, no que se propón incorporar como alternativa a solución proposta na alegación de don Jesús Ramón Varela Carreira, sendo competencia da respectiva Comunidade de Propietarios adoptar o acordo que proceda en canto á execución do ascensor.

No Estudo de detalle reformado presentado con data 20 de abril de 2021, defínense varias solucións alternativas para as unidades 1 e 3:

-a1: contempla a instalación do ascensor no espazo público de patio aberto, acaroadado á fachada do núcleo de escaleiras, podendo emprazarse no patio de entrada (a1.1) ou no patio posterior (a1.2)

-a2: propón a instalación do ascensor no interior do espazo común das escaleiras

Para a unidade 2 (edificio nº 29), prevese unha única solución, consistente en instalar o ascensor fronte ao portal da fachada principal.

4. Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

No expediente consta resolución favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, asinada o 24.09.2020 (2020/1461), na que se indica a afección do ámbito pola delimitación do Camiño Portugués (DEC/154/2013), e a presenza de dous elementos catalogados no contorno (a capela de Santa Marta C-37, e un cruceiro inventariado no Plan básico autonómico coa referencia 15078 8698).

5. Proposta de aprobación definitiva

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobar definitivamente o *Estudo de detalle para a mellora da accesibilidade e as condicións xerais nas edificacións do grupo de vivendas Diego Xelmírez* (Santa Marta de Arriba, números 25 a 33), segundo o proxecto reformado redactado pola arquitecta Natalia Seoane Bueno, presentado con data 20 de abril de 2021.

O Estudo de detalle contén a **delimitación espacial do ámbito da actuación**, para os efectos do disposto polos artigos 24 do RD lexislativo 7/2015 e 13.2 da Lei 1/2019 de *rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia*, que habilitan a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade

universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética.

Ao abeiro do disposto polo artigo 13.5 da precitada Lei 1/2019, acórdase que as actuacións dirixidas á mellora das condicións de accesibilidade e da eficiencia enerxética previstas no Estudo de detalle **non computarán** para os efectos de edificabilidade, volume máximo edificable e ocupación de parcela, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento de aliñacións.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Á vista do informe proposta transcrito, máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria do pasado día 22 de xullo, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular acorda, aprobar definitivamente o estudo de detalle para a mellora da accesibilidade e as condicións xerais nas edificacións do grupo de vivendas Diego Xelmírez (Santa Marta de Arriba, números 25 a 33), segundo o proxecto reformado redactado pola arquitecta Natalia Seoane Bueno, presentado con data 20 de abril de 2021.

O Estudo de detalle contén a delimitación espacial do ámbito da actuación, para os efectos do disposto polos artigos 24 do RD lexislativo 7/2015 e 13.2 da Lei 1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia, que habilitan a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética.

Ao abeiro do disposto polo artigo 13.5 da precitada Lei 1/2019, acórdase que as actuacións dirixidas á mellora das condicións de accesibilidade e da eficiencia enerxética previstas no Estudo de detalle non computarán para os efectos de edificabilidade, volume máximo edificable e ocupación de parcela, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento de aliñacións.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a

documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DA PARCELA EQ-2 DO PARQUE EMPRESARIAL DA SIONLLA.

O informe xurídico emitido pola xefa da Sección de Xestión Urbanística con data 15 de xullo do corrente ano e recollido na proposta da concelleira delegada da área de data 19 de xullo, ten o seguinte contido:

“O Estudo de detalle formúlase de oficio polo Concello de Santiago co obxecto de ordenar o volume edificable na parcela dotacional EQ-2 do Parque empresarial da Sionlla, situada ao leste da rúa de Murcia (nº 3 A).

A parcela EQ-2 figura no Catastro coa referencia 1514202NH4511D0000IK, cunha superficie de 41.841 m², e foi cedida ao Concello de Santiago por XESTUR S.A. no proxecto de reparcelación aprobado o 18.10.2012.

1. PLANEAMENTO VIXENTE

A ordenación urbanística da parcelas afectadas contense no **Proxecto sectorial do parque empresarial de Santiago de Compostela** que foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o día 7.06.2007.

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), a través da disposición final 11ª da súa normativa, remite a ordenación deste ámbito ao citado Proxecto sectorial, aprobado pola Xunta de Galicia.

A parcela EQ-2 está suxeita á **ordenanza 5 de zonas de equipamento comunitario** (apartado 4.3.6 das ordenanzas reguladoras do Proxecto sectorial), que sinala unha edificabilidade máxima de 0,5 m²c/m²s, unha altura máxima de 12 metros (3 plantas sobre rasante) e obriga a formular un Estudo de detalle para definir a ordenación detallada da parcela.

2. OBXECTO DO ESTUDO DE DETALLE

O Estudo de detalle ten por obxecto principal concretar a ordenación detallada do volume edificable permitido polo proxecto sectorial na reserva EQ-2, definindo as rasantes e áreas de movemento da edificación.

Así mesmo, define as condicións xerais de organización interior da parcela, establecendo os distintos subámbitos que garanten un aproveitamento óptimo e racional do conxunto da superficie cualificada, ao tempo que sinala as condicións de tratamento dos espazos libres e áreas de circulación ao interior da parcela, consonte ao previsto na ordenanza aplicable.

No Estudo de detalle diferéncianse 3 fases ou subámbitos de ordenación, nomeados EQ-2a, EQ-2b e EQ-2c. O primeiro (EQ-2a) se corresponde coa subparcela destinada

á construción do *Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas* (CSIB), cunha superficie de 13.405,3 m² de solo e una edificabilidade de 3.000 m² construídos. Os outros dous subámbitos (EQ-2b e EQ-2c) teñen unhas superficies de 15.027,3 e 13.408,4 m², respectivamente, e neles ordénase unha superficie edificable total de 17.000 m² edificables.

A ordenación do volume edificable total (20.000 m²c) respecta as determinacións da ordenanza aplicable do proxecto sectorial, e efectúase dentro dos límites sinalados polos artigos 79 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 192 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG).

3. RESULTADO DO TRÁMITE DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E INFORMES SECTORIAIS

En aplicación do procedemento regulado nos artigos 80.2 da LSG e 194 do seu Regulamento, o Estudo de detalle **aprobase inicialmente** pola Xunta de Goberno o 7 de xuño de 2021 e someteuse a **información pública** durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal El Correo Gallego o día 15 de xuño.

Simultaneamente, practicouse notificación persoal á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, para os efectos de que alegasen o que estimasen conveniente sobre posibles afeccións ao futuro vial orbital previsto no Plan sectorial da rede viaria de Santiago, Ames e Teo, sen que conste a formulación de obxeccións neste senso.

No expediente consta **informe favorable do subdirector xeral de Planificación Ferroviaria** do Ministerio, e **resolución favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural**, asinada o 24.06.2021.

Tamén consta escrito asinado polo **director xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia**, relativo ás condicións que haberán de reunir as prazas de aparcamento ao servizo dos usuarios do equipamento e do parque público V-1.

O documento que se somete a aprobación definitiva, elaborado pola arquitecta municipal de Planeamento en xullo de 2021, non modifica o que fora inicialmente aprobado o 7.06.2021.

4. PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Aprobar definitivamente o Estudo de detalle da parcela EQ-2 do *Parque empresarial da Sionlla*, formulado de oficio polo Concello de Santiago, segundo o documento elaborado polos servizos técnicos de Planeamento en xullo de 2021.

O acordo de aprobación definitiva publicárase no Diario Oficial de Galicia, debendo tamén de publicarse no Boletín Oficial da Provincia a normativa resultante.

Así mesmo, remitírase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo

de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Á vista do informe transcrito, máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente á súa sesión ordinaria do día 22 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda, aprobar definitivamente o estudo de detalle da parcela EQ-2 do Parque empresarial da Sionlla, formulado de oficio polo Concello de Santiago, segundo o documento elaborado polos servizos técnicos de Planeamento en xullo de 2021.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, debendo tamén de publicarse no Boletín Oficial da Provincia a normativa resultante.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Comunícolle que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 29 de xullo de 2021, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

4. SOLICITUDE DE INICIO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO PERI-12. ANTIGO COLEXIO MANUEL PELETEIRO.

O informe xurídico emitido pola xefa da Sección de Xestión Urbanística con data 23 de xullo do corrente ano e conformado na mesma data polo secretario xeral do Pleno, ten o seguinte contido:

“O presente informe emítese en relación co DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO e co BORRADOR da Modificación puntual do Plan xeral no ámbito do PERI-12 (antigo colexio Manuel Peleteiro) presentados por ARQURA HOMES FAB o día 21 de xullo de 2021.

Ámbolos dous documentos foron elaborados polo equipo técnico RODRÍGUEZ Y RIVOIRA ARQUITECTOS, contratado a tal fin por ARQURA HOMES FONDO DE ACTIVOS BANCARIOS, actual propietaria dos terreos, que outorgou poder á mercantil AELCA DESARROLLOS INMOBILIARIOS SLU para a xestión urbanística.

1. ÁMBITO DA MODIFICACIÓN

O ámbito da actuación atópase ocupado polas antigas instalacións do colexio Manuel Peleteiro -hoxe trasladado a outro emprazamento-, sitas na confluencia das rúas de San Pedro de Mezonzo (números 27 e 29) e República Arxentina (números 15 a 19).

O ámbito ten unha superficie total de 5.303,75 m², e figura integrado por tres parcelas

catastrais:

- 7169315NH3476G0001XM, propiedade de ARQURA HOMES FAB
- 7169316NH3476G0001IM, propiedade do Concello de Santiago
- 7169317NH3476G0001JM, propiedade de ARQURA HOMES FAB

2. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), na disposición final 3ª da súa normativa, establece:

(....)

No caso da Modificación puntual para a creación da Ordenanza especial OE-4 aprobada definitivamente en data 30.06.03 estarase á ordenación definida no PERI-12, aprobado definitivamente o 19.04.05, que o Plan xeral incorpora como determinacións propias en solo urbano.

Polo tanto, o PXOM vixente incorpora as determinacións da **Ordenanza especial OE-4** que foran aprobadas no ano 2003, como de seguido se resumen:

Edificabilidade máxima: 23.500 m² construídos.

Usos:

Comercial e restauración-ocio (Máximo 12.000, mínimo 10.000 m²c)

Hoteleiro e/ou residencial comunitario (máximo 7.000 m²c)

Vivenda (Máximo 4.500, 45 vivendas)

Oficinas

Dotacional (asistencial, docente, sanitario, recreativo, sociocultural, deportivo)

Garaxe-aparcadoiro (mínimo 400 prazas)

Dotacións públicas:

Espazo libre público de 1.395 m² de superficie

Equipamento comunitario público de 900 m² construídos (en planta baixa ou primeira da nova edificación)

Así mesmo, o PXOM incorpora a ordenación pormenorizada do volume edificable e do espazo público definida no Plan especial (**PERI-12**) aprobado no ano 2005, co carácter de “*determinacións propias en solo urbano*”

A pesares de que tanto a *Modificación puntual para a creación da ordenanza especial OE-4* como o PERI-12 resultaron anulados en vía contenciosa, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a través de varios autos ditados en incidentes de execución, declarou a **inexecutabilidade das sentenzas** anulatorias (PO 5342/2003, 5313/2003, 4409/2005 e 4373/2005), e a **plena vixencia das determinacións do planeamento incorporado ao PXOM**.

3. EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO VIXENTE

Para executar a ordenación do PERI-12, promoveuse pola Xunta de Compensación do polígono un **proxecto de equidistribución**, que consta aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local o 26 de decembro de 2005.

A aprobación definitiva deste proxecto produciu a **subrogación real** dos terreos achegados por dúas parcelas edificables de reemprazo, que quedaron afectas á obriga de construír un local de 900 m² construídos integrado nas plantas baixa e primeira da edificación, con destino a equipamento de dominio e uso público. Así mesmo, determinou a **cesión ao Concello** de Santiago do espazo libre público de 1.395 m² de superficie, delimitado no PERI-12.

A cesión do 10% de aproveitamento ao Concello substituíse por unha **compensación en metálico** por importe de 2.586.431,66 euros¹, que consta ingresada polos anteriores propietarios en xullo de 2006.

O proxecto de compensación non se inscribiu no Rexistro da Propiedade (nº 1), figurando os terreos afectados como unha **única finca rexistral (2790)**, inscrita a nome de ARQURA HOMES FONDO DE ACTIVOS BANCARIOS.

Non consta que se tivera executado no ámbito actuación algunha de urbanización, nin de nova edificación, manténdose a parcela pechada e na mesma situación física preexistente á aprobación da equidistribución.

O Tribunal Supremo, en sentenza ditada o 12.05.12 no recurso de casación 4457/2009 (PO 4373/2005) declarou que os terreos afectados debían ter a consideración de **SOLO URBANO CONSOLIDADO**. Polo tanto, e de conformidade co regulado nos artigos 17.a) da LSG e 26.1.a) do seu Regulamento, os terreos son susceptibles de edificación directa, coa execución simultánea das obras accesorias de urbanización que resulten esixibles.

Non entanto a categorización xudicial do solo como urbano consolidado, o TSXG, en autos ditados os días 23 de maio e 18 de xullo de 2013 -que deviron firmes por sentenza do Tribunal Supremo de 11.12.2014 (recurso de casación 3199/2013)- declarou a firmeza do acto de aprobación definitiva do proxecto de compensación aprobado, que conserva así plena validez e efectos xurídicos consonte ao disposto polo artigo 73 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN

A presente Modificación puntual ten a súa orixe nun acordo adoptado polo Pleno Municipal o 18.05.2017, que dá conta da aparición de novas necesidades de interese público que aconsellan revisar a ordenación urbanística vixente no ámbito do PERI-12

(...)

No momento en que se aprobaron os citados instrumentos de planeamento, nos anos 2003 e 2005, a Administración municipal estimou conveniente para revitalizar o Ensanche a implantación nesta zona dun centro de actividades múltiples, de uso predominantemente terciario e comercial, que favorecese a dinamización social e económica da zona.

No momento actual, sen embargo, cómpre considerar a presenza de centros comerciais noutras zonas máis periféricas da cidade (Cancelas, Área Central), e a necesidade de favorecer o pequeno comercio local no centro urbano.

Dende esta perspectiva, e aproveitando a experiencia desenvolvida noutras cidades, parece aconsellable substituír a idea dun gran centro comercial pola doutros formatos máis respectuosos coa estrutura comercial tradicional dos centros urbanos, na que o pequeno comercio poida convivir con outros contedores que actúen a modo de “locomotora” ou dinamizador da actividade comercial da zona.

Por outra banda, cómpre tamén reconsiderar a implantación dun volume menos agresivo e máis integrado ou coherente cos edificios xa existentes no contorno, de conformidade cos criterios que establece o artigo 104.1 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

Ás razóns sinaladas, convén engadir outros argumentos, relacionados coa seguridade xurídica, xa que o Plan xeral vixente incorpora as determinacións dun planeamento que deveu xudicialmente anulado, se ben o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia confirmou a inexecutabilidade das sentenzas anulatorias e a vixencia do novo planeamento “no anulado ni combatido que en principio supone la vigencia de las determinaciones que el mismo asume”.

Con todo, e considerando o tempo transcorrido dende a aprobación do planeamento incorporado, e a aparición de novas necesidades urbanísticas, parece conveniente que o planificador analice as diferentes posibilidades de ordenación do ámbito no novo marco xurídico-urbanístico e no actual contexto socioeconómico da cidade.

O Pleno Municipal, en sesión do 19.12.2019, acordou a creación dunha **Comisión especial para o desenvolvemento urbanístico da parcela do antigo Colexio Manuel Peleteiro**, cuxa finalidade é avaliar as distintas posibilidades de ordenación da parcela. Esta Comisión constituíuse o día 21.02.2020, e reuniuse en varias ocasións, co obxecto de estudar as propostas presentadas polo actual propietario (ARQURA HOMES) e as distintas alternativas a considerar no Documento ambiental estratéxico. Coa Modificación proposta preténdese a consecución dos seguintes obxectivos:

- Procurar unha nova distribución e regulación dos usos autorizables, máis acorde cos da ordenanza xeral da zona (Ensanche), favorecendo a prevalenza do uso residencial e os seus usos complementarios (comercial en planta baixa, e equipamento), e incorporando a reserva dunha determinada proporción da total edificabilidade residencial con destino a vivenda de protección pública.
- Completar a trama urbana procurando unha integración harmónica da nova edificación no tecido xa existente, segundo os criterios sinalados polo artigo 104.1 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.
- Acadar o mellor emprazamento e configuración do espazo público resultante, favorecendo a súa relación co viario público circundante e a creación dun espazo urbano de calidade que potencie a comunicación transversal entre as rúas de República Arxentina e San Pedro de Mezonzo.
- Manter as cesións xa consolidadas no anterior proceso de equidistribución, alomenos en canto á súa superficie, sen prexuízo de realizar os axustes que procedan no seu concreto emprazamento, delimitación e configuración.

De conformidade coa lexislación do solo de Galicia, tanto a formulación do planeamento xeral como a súa modificación ou revisión son competencia exclusiva do Concello (artigo 103.2 RLSC), excluíndose a iniciativa particular, que só se admite

para o planeamento de desenvolvemento (artigo 160 RLSG).

En consecuencia, a administración municipal non está obrigada a tramitar as propostas de modificación do plan xeral que se presenten polos particulares, pero si pode impulsar a súa tramitación de oficio, se o estimase oportuno e xustificado por motivos de interese público (artigo 83.1 da LSG), quedando en todo caso subordinada a súa tramitación á vontade e interese da administración municipal.

No caso que nos ocupa, existe un principio de colaboración entre os propietarios particulares e a administración municipal para a modificación do PERI.12, téndose xa realizados varias reunións da Comisión especial e da Comisión mixta co obxecto de avaliar as propostas elaboradas pola propiedade, segundo os criterios e instrucións dos Servizos Técnicos Municipais.

A colaboración dos propietarios afectados na reforma do plan vixente resulta necesaria no caso particular que nos ocupa, toda vez que para executar o novo plan será preciso formalizar un convenio urbanístico que regule a reforma do proxecto de equidistribución aprobado e en vigor, co fin de adaptar a configuración das parcelas resultantes.

No expediente consta **providencia do Alcalde de data 23 de xullo de 2021**, que resolve impulsar de oficio a tramitación do Documento ambiental estratéxico (DAE) e do Borrador presentados por ARQURA HOMES FAB, elaborados polo equipo técnico RODRIGUEZ Y RIVOIRA ARQUITECTOS. Na mesma providencia, e a resultados das reunións da Comisión especial e da Comisión Informativa de Urbanismo propónse requirir ao equipo redactor a presentación dun DAE reformado, cos seguintes axustes:

1. Suprimir a alternativa 2, que se entende substituída pola alternativa 4.
2. Incorporar como unha variante da alternativa 5 a solución proposta no documento de aprobación inicial que fora elaborado pola Sección Municipal de Planeamento en marzo de 2019.

5. ALCANCE DO DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO (DAE) E DO BORRADOR

A lexislación do solo de Galicia obriga a iniciar o proceso de formulación do plan mediante a presentación dun Documento ambiental estratéxico (DAE) co seguinte contido mínimo, esixido polo artigo 29 da lei 21/2013 de avaliación ambiental:

- a) *Los objetivos de la planificación.*
- b) *El alcance y contenido del plan propuesto y de sus alternativas razonables, técnica y ambientalmente viables.*
- c) *El desarrollo previsible del plan o programa.*
- d) *Una caracterización de la situación del medio ambiente antes del desarrollo del plan o programa en el ámbito territorial afectado.*
- e) *Los efectos ambientales previsibles y, si procede, su cuantificación.*
- f) *Los efectos previsibles sobre los planes sectoriales y territoriales concurrentes.*
- g) *La motivación de la aplicación del procedimiento de evaluación ambiental estratégica simplificada.*
- h) *Un resumen de los motivos de la selección de las alternativas contempladas.*
- i) *Las medidas previstas para prevenir, reducir y, en la medida de lo posible, corregir cualquier efecto negativo relevante en el medio ambiente de la aplicación del plan o*

programa, tomando en consideración el cambio climático.

j) Una descripción de las medidas previstas para el seguimiento ambiental del plan.

Polo tanto, o DAE debe definir os obxectivos do plan e propoñer varias alternativas, que sexan técnica e ambientalmente viables, ponderando os seus efectos ambientais e urbanísticos. No DAE presentado o 21.07.2021 analízanse 5 alternativas -ademais da alternativa 0, que é de obrigada consideración-, e avalíanse as vantaxes e inconvenientes de cada unha delas.

A lexislación do solo de Galicia esixe que o DAE veña acompañado dun Borrador do plan, “que conteña as liñas esenciais do planeamento e que permita coñecer os seus criterios, obxectivos e solucións xerais, así como a súa análise urbanística” (artigo 144.2 do RLSC).

Este Borrador ten un **alcance meramente “preparatorio”**, sendo a súa finalidade principal avaliar os efectos ambientais do futuro plan, ao tempo que suscita a necesaria participación pública no proceso da súa elaboración, pero en ningún caso vincula o contido da ordenación detallada que haberá de realizar o documento de tramitación. Así, o futuro plan poderá desenvolver calquera das alternativas presentadas no DAE, ao se tratar de solucións xerais -todas elas técnica e ambientalmente viables- que poderán logo adaptar a súa concreción máis detallada no proxecto que se someta a aprobación inicial.

Precisamente a finalidade do procedemento de avaliación ambiental estratéxica é suscitar o máis amplo debate posible sobre os obxectivos da Modificación e sobre as alternativas consideradas, pero non seleccionar unha ou outra alternativa con exclusión das outras.

O Borrador presentado desenvolve a alternativa 4, por considerar que é a que mellor acada os obxectivos da Modificación proposta, e así o entende tamén o arquitecto Xefe do Servizo Municipal de Planeamento no seu informe do 23 de xullo de 2021.

Porén, non corresponde a esta fase de formulación do plan definir unha concreta proposta de ordenación, toda vez que esta tampouco podería aprobarse *ex ante*, habendo de confeccionarse a “versión inicial do plan” unha vez que se formule o preceptivo informe ambiental estratéxico polo órgano ambiental (artigo 60.5 da LSC).

Polo tanto, **o pronunciamento que corresponde agora adoptar ao órgano competente nesta fase preparatoria non é sobre a concreta proposta de ordenación que se contén no Borrador presentado, senón sobre a selección das alternativas consideradas e sobre a conveniencia de remitir ou non ao órgano ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada**, que irá achegada do DAE e do Borrador.

6. ÓRGANO COMPETENTE

Segundo o regulado no artigo 18.2 da Lei 21/2013 (LAA), o “*órgano substantivo*” comprobará se a documentación presentada cumpre ou non cos requisitos esixidos pola citada Lei, así como, de ser o caso, coa esixida pola lexislación sectorial de aplicación, e ordenará, se procede, a remisión da documentación ao órgano ambiental, quen adoptará a resolución que corresponda.

O artigo 5.1.d) da mesma lei atribúe a condición de **órgano substantivo** ao “órgano

da administración pública que posúe as competencias para aprobar o plan”, sinalando que nas entidades locais estas funcións corresponderán ao órgano da administración autonómica ou local que determine a lexislación autonómica (artigo 11.3).

O artigo 61.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia atribúe aos Concellos a competencia para aprobar definitivamente os plans xerais dos municipios de mais de 50.000 habitantes, e remite a designación do órgano competente municipal ao establecido na lexislación de réxime local.

Nos Concellos incluídos no ámbito de aplicación do Título X da Lei de bases de réxime local (LBRL), **resérvase ao Pleno Municipal a competencia para a aprobación inicial do planeamento xeral** (artigo 123.1.i), a diferenza do que ocorre co planeamento de desenvolvemento, cuxa aprobación inicial compete á Xunta de Goberno (alíneas c) e d) do artigo 127.1)

Na miña opinión -que someto a calquera outra mellor fundada en dereito- o órgano substantivo para os efectos de solicitar a avaliación ambiental é o **Pleno Municipal**, toda vez que nin a Xunta de Goberno nin o Alcalde posúen competencias para aprobar o planeamento xeral. Por outra banda, a lexislación do solo de Galicia integra a formulación do borrador e do DAE dentro do “procedemento para a aprobación do plan xeral” (artigo 144 do RLSG), de xeito que a avaliación ambiental se configura como un trámite esencial dentro daquel procedemento, aínda cando o plan se atopa en fase de elaboración.

7. SOLICITUDE DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

A Modificación, en canto afecta á ordenación detallada incorporada ao PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado nos artigos 60 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia (LSG)* e 144 do seu Regulamento de desenvolvemento.

Consonte ao disposto polo artigo 18.2 da Lei 21/2013, en relación co artigo 61.2 da LSG e 123.1.i) da LBRL, **o Pleno Municipal ten a condición de órgano substantivo**, ao que compete acordar a remisión ao órgano ambiental da documentación necesaria para a avaliación estratéxica.

A decisión que corresponde adoptar ao órgano substantivo nesta fase de inicio límitase a comprobar se a documentación presentada cumpre ou non os requisitos esixidos polo artigo 29.1 da LAA, para os efectos de ordenar a súa remisión ao órgano ambiental.

De conformidade co disposto polo artigo 46.2.a) da LSG, ao se tratar dunha modificación menor do plan xeral vixente, resulta aplicable o **procedemento de avaliación ambiental simplificada**, debendo o Concello trasladar ao órgano ambiental a preceptiva SOLICITUDE DE INICIO, acompañada do Borrador e do DAE.

Polo exposto, e CONSIDERANDO:

1. Que con data 21.07.2021 ARQURA HOMES FAB presentou o **Documento ambiental estratéxico** (DAE) e o **Borrador** da Modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12 (antigo Colexio Manuel Peleteiro), elaborados por RODRIGUEZ Y RIVOIRA ARQUITECTOS.

2. Que segundo dispoñen os apartados 1 e 4 do artigo 85 do RLSG, as modificacións puntuais do plan xeral deberán redactarse por persoas ou equipos nos que alomenos un membro teña a titulación universitaria de arquitectura, ou de enxeñería de camiños, canais e portos (artigo 85.1).

3. Que por providencia do Alcalde de data 23.07.2021 resólvese impulsar a tramitación de oficio da documentación presentada polos propietarios particulares, con dúas adaptacións que constan claramente indicadas na mesma providencia.

4. Que a documentación presentada reúne o contido mínimo esixido polo artigo 29 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*, e que os obxectivos da planificación responden a razóns de interese público, relacionadas coa mellora da ordenación urbanística vixente, segundo indica o informe do arquitecto municipal de data 23.07.2021.

5. Que o Pleno Municipal ten atribuída a competencia para a aprobación inicial, provisional e definitiva do planeamento xeral, polo que ten a condición de órgano substantivo para os efectos da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

8. PROPOSTA

Con fundamento nas anteriores consideracións, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que habrá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Requirir ao equipo redactor a fin de que presente un **Documento ambiental estratéxico reformado**, que incorpore os seguintes axustes sobre o presentado o 21.07.2021:

1. Suprimir a alternativa 2, que se entende substituída pola alternativa 4.
2. Incorporar como unha variante da alternativa 5 a solución proposta no documento de aprobación inicial que fora elaborado pola Sección Municipal de Planeamento en marzo de 2019.

Segundo. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitud de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12 (antigo Colexio Manuel Peleteiro), promovida polo Concello de Santiago.

A solicitude acompañarase do Borrador presentado o 21.07.2021, elaborado por RODRIGUEZ Y RIVOIRA ARQUITECTOS, así como do Documento ambiental estratéxico que se achegue debidamente reformado consonte ao acordado no apartado primeiro.

Terceiro. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados nos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.

A adopción do presente acordo non leva implícita a aprobación da proposta de ordenación que se contén no Borrador do plan, a cal poderá modificarse no proxecto que se someta a aprobación inicial con suxeición ao que resulte do informe ambiental estratéxico.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

O Grupo municipal de Compostela Aberta, presenta emenda de engádegas ao segundo parágrafo do terceiro punto do informe xurídico.

Tamén foi presentada por parte do grupo municipal do PSdeG-PSOE, emenda transaccional á emenda de engádegas do grupo municipal de Compostela Aberta.

Ao non ser aceptada a emenda transaccional do grupo municipal do PSdeG-PSOE, por parte do grupo municipal de Compostela Aberta, sométense ambas a votación.

En primeiro lugar a grupo municipal de Compostela Aberta, e o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA e 2 BNG), 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, polo que non é aceptada.

Seguidamente, a emenda do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal de PSdeG-PSOE e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG) acorda que o segundo parágrafo do punto terceiro do informe xurídico, quedaría redactado do seguinte xeito:

“A adopción do presente acordo non leva implícita a aprobación da proposta de ordenación que se contén no Borrador do plan, **a cal poderá modificarse, adaptarse ou substituírse** no proxecto que se someta a aprobación inicial con suxeición ao que resulte do informe ambiental estratéxico.”

Á vista do informe proposta transcrito, da emenda introducida, e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos de data 26 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, Compostela Aberta e BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro.- Requirir ao equipo redactor a fin de que presente un documento ambiental estratéxico reformado, que incorpore os seguintes axustes sobre o presentado o 21.07.2021:

- Suprimir a alternativa 2, que se entende substituída pola alternativa 4.
- Incorporar como unha variante da alternativa 5 a solución proposta no documento de aprobación inicial que fora elaborado pola Sección Municipal de Planeamento en marzo de 2019.

Segundo.- Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitude

de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12 (antigo Colexio Manuel Peleteiro), promovida polo Concello de Santiago.

A solicitude acompañarase do borrador presentado o 21.07.2021, elaborado por RODRIGUEZ Y RIVOIRA ARQUITECTOS, así como do Documento ambiental estratéxico que se achegue debidamente reformado consonte ao acordado no apartado primeiro.

Terceiro.- Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados nos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.

A adopción do presente acordo non leva implícita a aprobación da proposta de ordenación que se contén no Borrador do plan, a cal poderá modificarse, adaptarse ou substituírse no proxecto que se someta a aprobación inicial con suxeición ao que resulte do informe ambiental estratéxico.

5. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE FACENDA, PERSOAL E CONTRATACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL E APROBACIÓN DE CRÉDITOS DEVINDICADOS EN EJERCICIOS PECHADOS, POR IMPORTE TOTAL DE 125.488,31 EUROS.

Vista a proposta de data 15 de xullo de 2021, asinada pola concelleira delegada de facenda, persoal, contratación e modernización da administración local, mais polo director de área, de goberno, administración e réxime interior, de recoñecemento extraxudicial e aprobación de créditos devindicados en exercicios pechados por importe de 125.488,31 euros (e demais documentación que obra no expediente).

Xa que logo a vista da proposta mencionada e demais documentación que figura no expediente, e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente á sesión do día 23 de xullo pasado, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor, correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 5 CA e 2 BNG) acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobación dunha indemnización substitutiva a favor dos provedores relacionados, polos conceptos e importes que figuran na listaxe que acompaña o expediente e que comeza por rexistro co número de entrada F/2021/143, por importe de 1.331,00 euros, e remata na factura co número F/2021/1792, por importe de 126,15 euros.

Segundo: Aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas das accións da referencia por un importe total de 125.488,31 euros a favor das empresas que figuran na listaxe citada.

6. MODIFICACIÓN ACORDO ESTABLECEMENTO RÉXIME FISCALIZACIÓN E INTERVENCIÓN LIMITADA PREVIA DE REQUISITOS BÁSICOS SOBRE GASTOS E OBRIGACIÓN NO EJERCICIO DA FUNCIÓN INTERVENTORA.

A proposta da concelleira delegada de facenda, persoal e contratación, de 22 de xullo do corrente ano, en relación ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“O Concello-Pleno en sesión celebrada o día 31 de maio do ano en curso, adoptou acordo de aprobación do réxime de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos sobre gastos e obrigacións no exercicio da función interventora para o Concello e o seu Organismo Autónomo de carácter administrativo Auditorio de Galicia e nas entidades do seu sector público suxetas a función interventora que puidesen existir no futuro.

Quedaron excepciónados deste réxime de fiscalización previa limitada aqueles gastos cuxa competencia corresponda o Pleno da Corporación, así como aqueles outros de contía superior os 500.000,00 euros ou aqueles que superen este importe como consecuencia de rectificacións e/ou modificacións posteriores a súa aprobación inicial, para os cales será de aplicación o réxime de fiscalización previa ordinaria ou plena.

Con todo existen determinados expedientes de gasto que superando a contía máxima citada, resulta aconsellable, en aras do interese público, o seu sometemento o sistema de fiscalización e intervención previa de requisitos básicos.

Nos estamos a referir a aqueles expedientes de gasto cuxa elevada contía non determina a complexidade da súa xestión, senon unha maior carga de traballo como consecuencia da reiteración de trámites na instrución de ditos expedientes, o que fai aconsellable sometelos o réxime especial de fiscalización limitada previa, na medida en que o exame exhaustivo destes expedientes en base o control de legalidade tradicional supón un lastre para a axilidade e eficacia na tramitación destes gastos, duplicando actuacións administrativas e diluindo responsabilidades.

En definitiva, expedientes de gasto que requiren unha actuación máis intensa, áxil, eficiente e garantista por parte das unidades xestoras, de tal xeito que o deseño do control non supoña unha traslación da responsabilidade propia daquelas o órgano interventor, senon deixar a este marxe para reforzar os controles financeiros a posteriori, formulando as correspondentes propostas de melloras e recomendacións.

En base ao anterior e a vista da normativa aplicable, e en concreto o disposto no RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Real Decreto 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o rexime xurídico do control interno nas entidades do sector público local e os Acordos do Consello de Ministros do 30 de maio e 25 de xullo do 2018, así como o RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

“Modificar o acordo do Pleno da Corporación de 31 de maio do ano en curso relativo o establecemento do réxime de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos, incluíndo en dito réxime de fiscalización especial os expedientes de gasto correspondentes a Área de Gasto 3 de “Transferencias, subvencións e axudas concedidas”, que non sexan competencia do Pleno da Corporación, calquera que sea a súa contía é con alcance a todas as súas fases de tramitación, relativos a subvencións e axudas en réxime de concurrencia competitiva, sempre e cando a contía máxima a conceder por beneficiario non sexa superior a 15.000,00 euros.”

Á vista da proposta transcrita, do informe da intervención xeral (Ref.: 757/2021), tamén de data 22 de xullo pasado, máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de

Contas correspondente á sesión do día 23 de xullo pasado, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e de Compostela Aberta (8 PP e 5 CA), acorda modificar o acordo do Pleno da Corporación de 31 de maio do ano en curso relativo o establecemento do réxime de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos, incluíndo en dito réxime de fiscalización especial os expedientes de gasto correspondentes a Área de Gasto 3 de “Transferencias, subvencións e axudas concedidas”, que non sexan competencia do Pleno da Corporación, calquera que sea a súa contía e con alcance a todas as súas fases de tramitación, relativos a subvencións e axudas en réxime de concurrencia competitiva, sempre e cando a contía máxima a conceder por beneficiario non sexa superior a 15.000,00 euros.

7. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS XUSTIFICANTES DE GASTOS DE PEAXES, COMBUSTIBLES, ADITIVOS E LAVADOS PARA VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTES AOS ANOS 2015, 2016, 2017 E 2018.

Á vista da documentación que obra no expediente, máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa sesión do día 28 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 5 CA e 2 BNG) acorda:

- Aprobar a conta xustificativa saldos pendentes de xustificar correspondentes a pagos efectuados mediante o sistema de domiciliación bancaria durante os anos 2015, 2016, 2017 e 2018.

- Aprobar a imputación dos pagos efectuados mediante o sistema de domiciliación ás correspondentes aplicacións orzamentarias do orzamento do ano 2021:

Gastos de combustible, peaxes, e aditivos para os vehículos: aplicación orzamentaria 030 92000 2210300

Gastos de limpeza: aplicación 030 92000 2130002.

8. PROPOSTA LEVANTAMENTO DE REPARO. PAGOS EFECTUADOS MEDIANTE ADEUDO DIRECTO EN CONTA BANCARIA DE TITULARIDADE MUNICIPAL DURANTE O ANO 2020.

Á vista da documentación que obra no expediente, máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa sesión do día 28 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 5 CA e 2 BNG) acorda:

a) Levantar o reparo formulado pola Intervención Xeral nos informes relativos 994/2020, 1141/2020 e 1301/2020 e que afectan a gastos efectivamente realizados (tendo en conta o informe do responsable do parque móbil) e pagados mediante o sistema de domiciliación por importe de 90.015,73 euros.

b) Aprobar a imputación dos pagos efectuados ás correspondentes aplicacións orzamentarias do orzamento do ano 2021:

-Gastos de combustible, peaxes, e aditivos para os vehículos: aplicación orzamentaria 030 92000 2210300

-Gastos de limpeza: aplicación 030 92000 2130002.

9. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 2021-CREXT-07 POR IMPORTE 8.466,86 EUROS FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO EXERCICIO 2020, E RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS PARA APROBAR UNHA PARTE DOS GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413.

A proposta da concelleira delegada de facenda, persoal, contratación e modernización da administración local, en relación á aprobación do expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-07, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación que forma parte dos expedientes de tramitación e aprobación de gasto das facturas en situación de OPA a 31.12.2020 incluídas neste expediente a tramitar, xunto cos seus respectivos informes de fiscalización e propostas plenarias para o seu recoñecemento extraxudicial de crédito remitidas polos distintos centros xestores afectados (achéganse co nome da arquivo <Expediente REC> toda a documentación escaneada remitida polos diversos centros xestores en relación as facturas incluídas neste expediente e cuxos orixinais están a disposición dos membros da Corporación nas oficinas onde se sitúa a intervención municipal).

2. Con base no acordo do Consello de Ministros de data 06.10.2020, co pronunciamento favorable da maioría absoluta do Congreso de Deputados na súa sesión plenaria número 51 celebrada o 20.10.2020, de invocar a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española, e en coherencia con dito mandato a do artigo 11.3 da LOEASF, polo cal con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda pública, así como a aplicación da regra do gasto durante os exercicios 2020 e 2021.

3. Tendo en consideración a resolución nº 2021/2686 de 31.03.2021 da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local pola que se aproba a liquidación do Orzamento Municipal do exercicio 2020 do Concello de Santiago de Compostela e do organismo autónomo do Auditorio de Galicia, onde se recoñece a existencia dun Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLTGX 2020 en diante) de importe 9.005.992,90 euros e un saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 de 737.128,98 euros.

4. Verificada a aplicación de case a totalidade do saldo do RLTGX 2020 coa aprobación do expediente de incorporación de remanentes 2021-INCOR-04 (resolución 2021/3077 de 14.04.2021) que aplicou 6.176.570,35 euros, coa aprobación plenaria dos expedientes de crédito extraordinario 2021-CREXT-03 e de suplemento de crédito 2021-SUPLE-02 que levaron a aplicación de 2.458.000,00 euros e coa aprobación plenaria do expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-05 (na actualidade en fase de exposición pública) que aplicou 313.873,59 euros.

5. Considerando a resolución nº 2021/6973 de 23.07.2021 da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local pola que se aprobou o expediente de xeración de crédito 2021-XENER-13 por importe total de 160.310,26 euros para dar cobertura neste exercicio ao crédito necesario que posibilite a aprobación de gasto e pagamento dunha serie de facturas do exercicio 2020 en situación de OPA a través do financiamento procedente da Deputación Provincial da Coruña no marco do seu Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "POS+ 2021" no apartado relativo a Pago a Provedores.

6. Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de crédito extraordinario con código de expediente 2021-CREXT-07 de importe total de 8.466,86 euros, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2020, e de tramitación do acordo plenario de recoñecemento extraxudicial de créditos, por un importe total de 168.777,12 euros, en relación ás obrigas derivadas da aprobación das facturas incluídas neste expediente rexistradas na conta 413 a 31.12.2020 e daquelas cuxo crédito para súa aprobación provén dun expediente de xeración de crédito de importe 160.310,26 € coa codificación 2021-XENER-13 en relación coa subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña no marco do seu Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "POS+ 2021" no apartado relativo a Pago a Provedores e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos polos mesmos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se produciu.

7. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 23.07.2021.

8. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria asinado con data de 23.07.2021 e con número de referencia 61/2021.

8. Visto o informe nº 778/2021 de 26.07.2021 emitido pola Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de crédito extraordinario e de recoñecemento extraxudicial de créditos.

9. Visto o acordo de Xunta de Goberno de 26.07.2021 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-07 e a tramitación do acordo plenario de recoñecemento extraxudicial de créditos das obrigas derivadas da aprobación das facturas incluídas neste expediente rexistradas na conta 413 a 31.12.2020 por importe total de 168.777,12 euros.

10. Visto o ditame emitido pola Comisión de Presidencia, Réxime interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de contas na súa sesión celebrada en data 28.07.2021 en relación a este expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-07 e a tramitación do acordo plenario de recoñecemento extraxudicial de créditos das obrigas derivadas da aprobación das facturas incluídas neste expediente rexistradas na conta 413 a 31.12.2020 por importe total de 168.777,12 euros.

CONSIDERACIÓNS

APLICACIÓN DO RLTX 2020 PARA COBERTURA ORZAMENTARIA DUNHA PARTE DOS GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413 (ACREDORES)

PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO).

Logo de ver que o importe do remanente líquido de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento do Concello do exercicio 2020 (en diante RLTGX 2020) foi de 9.005.992,90 euros.

Tendo en consideración que o importe aplicado ata o momento actual en expedientes anteriormente aprobados do RLTGX 2020 foi de 8.948.443,94 euros, quedando no momento actual pendente de aplicar deste recurso financeiro o importe de 57.548,96 euros, dos cales 8.466,86 euros aplicaranse neste expediente de crédito extraordinario.

Tendo coñecemento de que a normativa actual permite ás entidades locais, e para os exercicios 2020 e 2021, facer uso durante ese período dos remanentes de tesourería dispoñibles pola suspensión das regras fiscais que viñan sendo de aplicación, podendo destinar estes recursos financeiros ao financiamento de necesidades de gasto actuais nos Concellos e que sirvan de impulso na reconstrución económica e social ante a crise socioeconómica xerada pola COVID-19.

Verificado que, segundo se desprende da liquidación aprobada do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2020, existe un saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 de 737.128,98 euros que para a súa aprobación e pagamento precisan do seu recoñecemento extraxudicial, prevéndose como recurso financeiro a utilizar para a súa extinción o que se detalla no seguinte cadro explicativo

Total OPAs 2020	737.128,98
OPAs 2020 financiadas co RLTGX 2020 incluídas no expediente 2021-CREXT-05	313.873,59
OPAs 2020 financiadas co RLTGX 2020 incluídas no presente expediente 2021-CREXT-07	8.466,86
OPAs 2020 financiadas coa subvención da Deputación incluída no POS+ 2021	160.310,26
OPAs 2020 con crédito incluído no orzamento 2021	217.909,64
OPAs 2020 pendentes de completar expediente de gasto a financiar co RLTGX 2020	36.568,63

Logo de ver que consonte co previsto no artigo 177 do real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 35,36 e 37 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ao exercicio seguinte e non exista non orzamento actual o crédito suficiente para poder executalo, deberá incoarse un expediente de crédito extraordinario. O expediente deberá conter a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que haberá de financiar o aumento que se propón.

Neste sentido, cómprense os requisitos para a aprobación dun expediente de crédito extraordinario, co número de expediente de referencia 2021-CREXT-07, posto que queda acreditada a especificidade e determinación do gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a seu carácter inmediato e urxente sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

O expediente que se presenta a aprobación pretende a habilitación dun crédito

extraordinario de importe total **8.466.86 euros**, financiado co saldo actual do remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación municipal do exercicio 2020, para dar cobertura a unha parte do saldo actual de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2020 ((facturas en situación de OPA contabilizadas na conta 413).

O seu detalle é o seguinte:

DENOMINACIÓN	CAP	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2020 020 16500 2210000)	2	020 16500 2210099		12	CE	1.882,49
OPAS (2020 020 23100 2270001)	2	020 23100 2270099		20	CE	20,85
OPAS (2020 030 93100 2200100)	2	030 93100 2200199		45	CE	6.563,52
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						8.466,86
TOTAL DE OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (413)						8.466,86
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2020 - APLICACIÓN 87000						

II. PROPOSTA PLENARIA DE APROBACIÓN DUNHA PARTE DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2020 NA CONTA 413 CORRESPONDENTES A ACREDORES PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Tendo en consideración que por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2020, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención e cuxa documentación orixinal (unha copia se achega en arquivos adxuntos que forman parte do expediente a tramitar) se encontra a disposición dos membros do Pleno nas oficinas onde se sitúa a intervención municipal xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

Logo de ver que a case totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente modificativo de crédito corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas a meirande parte delas ao longo do ano 2020, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, propónse neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo antedito importe.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de empresas e persoas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2020, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento que evite incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cauce procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Neste sentido, os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos

créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigas, que explican que contén cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Achégase formando parte deste expediente, un anexo nº 2 coa relación das facturas en situación de OPA incluídas así como o resumo da motivación do REC das mesmas que se extrae dos diferentes informes de intervención e o nome do arquivo pdf onde se integra toda a documentación remitida polos diversos centros xestores en relación á tramitación do acordo plenario para REC das mesmas.

O financiamento para atender estas facturas incluídas neste expediente de REC virá, por unha banda, do RLTX 2020 (expediente 2021-CREXT-07, de importe 8.466,86 euros, que se tramita neste expediente ao mesmo tempo que o acordo REC das facturas, e pola outra, a achega da Deputación da Coruña no marco do POS+ 2021 – Pago a provedores, de importe 160.310,26 euros, cuxo crédito foi xerado a través do expediente 2021-XENER-13 (resolución da Concelleira nº 2021/6973 de 23.07.2021), e do que consta RC por ese importe baixo o número de operación 220210012491 e números de referencia que van do 22021006500 ao 22021006507.

De conformidade co establecido nas bases 12ª, 13ª e 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2021, nos artigos 177 e ss. do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e os artigos 34, 35, 36, 37, 38 e 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno do Concello de Santiago de Compostela:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2021-CREXT-07 para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2020 correspondentes ao Concello de Santiago, por un importe de **OITO MIL CATROCIENTOS SETENTA E SEIS EUROS, CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (8.466,86 EUROS)** financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2020.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

1.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de 8.466,86 euros para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2020 (facturas en situación de OPA contabilizadas na conta 413) financiado con RLT para GX do exercicio 2020, co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2020 020 16500 2210000)	2	020 16500 2210099		12	CE	1.882,49
OPAS (2020 020 23100 2270001)	2	020 23100 2270099		20	CE	20,85
OPAS (2020 030 93100 2200100)	2	030 93100 2200199		45	CE	6.563,52
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						8.466,86
TOTAL DE OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (413)						8.466,86
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2020 - APLICACIÓN 87000						

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **8.466,86 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	8.466,86 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	8.466,86 €

SEGUNDO. Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2021-CREXT-07 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO. Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2021-CREXT-07, se contra o mesmo non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO: Recoñecer extraxudicialmente as obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº 2 que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2020 por importe total de 168.777,12 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a

esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos polos mesmos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón, condicionando a eficacia deste acordo á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2021-CREXT-07.”

Xa que logo, á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa sesión do día do día 28 de xullo do corrente ano, e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 5 CA e 2 BNG) acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2021-CREXT-07 para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2020 correspondentes ao Concello de Santiago, por un importe de OITO MIL CATROCIENTOS SETENTA E SEIS EUROS, CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (8.466,86 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2020.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

1.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de 8.466,86 euros para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2020 (facturas en situación de OPA contabilizadas na conta 413) financiado con RLT para GX do exercicio 2020, co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	CAP	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2020 020 16500 2210000)	2	020 16500 2210099		12	CE	1.882,49
OPAS (2020 020 23100 2270001)	2	020 23100 2270099		20	CE	20,85
OPAS (2020 030 93100 2200100)	2	030 93100 2200199		45	CE	6.563,52
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						8.466,86
TOTAL DE OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (413)						8.466,86
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2020 - APLICACIÓN 87000						

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **8.466,86 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	8.466,86 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	

a)	Novos ingresos.....	
b)	Baixas por anulación.....	
c)	Remanente de tesourería para gastos xerais	8.466,86 €

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2021-CREXT-07 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2021-CREXT-07, se contra o mesmo non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO: Recoñecer extraxudicialmente as obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº 2 que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2020 por importe total de 168.777,12 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos polos mesmos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón, condicionando a eficacia deste acordo á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2021-CREXT-07.

10. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2021-CREXT-09 POR IMPORTE DE 24.000 € FINANCIADO CON BAIXAS DE ANULACIÓN.

A proposta da conceleira delegada de facenda, persoal, contratación e modernización da administración local, en relación á aprobación do expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-09, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

1 Vista a solicitude presentada en expediente electrónico (CX 09 Vías e Obras (n.º 2021/35026D con número de encargo 14498) polo concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras, en base ao manifestado polo xefe do Servizo de Proxectos e Obras, responsable administrativo do centro xestor 09, de solicitude de tramitación dun expediente de modificativo de crédito.

2. Vista a comunicación de cesión de crédito asinada polo enxeñeiro municipal e o concelleiro delegado de Medio Rural (nº de expediente electrónico 2021/ 33382K e n.º de encargo 13742) en relación ao proxecto 2018 2 CONST 50.

3. Vista a comunicación de cesión de crédito asinada pola arqueóloga municipal e a concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica Acción Cultural e Igualdade en expediente electrónico do CX 28 Oficina de Cidade Histórica e Rehabilitación (nº de expediente electrónico 2021/ 21497G e n.º de encargo 9353) en relación ao proxecto 2014 2 ROCHA 26.

4. Vista a comunicación de cesión de crédito asinada polo responsable do proxecto 2016 2 CIAC 47 e a concelleira delegada de Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente, Parques e Xardíns en expediente electrónico do CX 15 -Medio Ambiente e Sanidade (nº de expediente electrónico 2021/ 35162F e n.º de encargo 14712) en relación ao proxecto 2016 2 CIAC 47.

5. Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de modificación de crédito, de crédito extraordinario -baixo a codificación 2021-CREXT-09 por un importe total de 24.000,00€, financiado con baixas por anulación.

6. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 26.07.2021.

7. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria de data 26.07.2021 e con número de referencia 63/2021.

8. Visto o informe da Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de crédito extraordinario.

9. Visto o acordo da Xunta de Goberno extraordinaria e urxente de 26.07.2021 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-09.

PROPOSTA

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente expediente de **crédito extraordinario baixo o número de expediente 2021-CREXT-09 por importe de VINTE E CATRO MIL (24.000 EUROS)** para reforma achega municipal que permita a execución da actuación “Rehabilitación do firme da vía Edison”, cofinanciada pola Consellería de Economía, Empresa e Innovación, da Xunta de Galicia.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO (2021-CREXT-09)					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación
Rehabilitación do firme da vía Edison	040	15321	6190005	2021 2 EDISO 61	24.000	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2018 a reforma do parque da Constitución	100	17100	6090000	2018 2 CONST 50	13.593,07
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Caixabank S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2014 a atalaya de observación no castelo da Rocha	050	33600	6090000	2014 2 ROCHA 26	7.909,26
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Abanca Corporación Bancaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2016 actuacións no CIAC	020	17210	6230000	2016 2 CIAC 47	500,00
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Abanca Corporación Bancaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2016 actuacións no CIAC	020	17210	6250000	2016 2 CIAC 47	1.997,67
					24.000,00							24.000,00

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe
Centros Socioculturais, Barrios e Obras	040	15321	6190005	2021 2 EDISO 61	24.000,00
					24.000,00

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2018 a reforma do parque da Constitución	100	17100	6090000	2018 2 CONST 50	13.593,07
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Caixabank S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2014 a atalaya de observación no castelo da Rocha.	050	33600	6090000	2014 2 ROCHA 26	7.909,26
Baixas por anulación do crédito dispoñible Abanca Corporación Bancaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2016 actuacións no CIAC	020	17210	6230000	2016 2 CIAC 47	500,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible Abanca Corporación Bancaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2016 actuacións no CIAC	020	17210	6250000	2016 2 CIAC 47	1.997,67
					24.000,00

Baixas por anulación: 24.000 euros

1. Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
-----------	---------

1.- Total crédito extraordinario.....	24.000.00 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	24.000.00 €
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-09 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2021-CREXT-09 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Xa que logo, á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa sesión do día do día 28 de xullo do corrente ano, e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 5 CA e 2 BNG) acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2021-CREXT-09 por importe de VINTE E CATRO MIL (24.000 EUROS) para reforma achega municipal que permita a execución da actuación “Rehabilitación do firme da vía Edison”, cofinanciada pola Consellería de Economía, Empresa e Innovación, da Xunta de Galicia.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO (2021-CREXT-09)						FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN								
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación		
Rehabilitación do firme da vía Edison	040	15321	6190005	2021 2 EDISO 61	24.000	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2018 a reforma do parque da Constitución	100	17100	6090000	2018 2 CONST 50	13.593,07		
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Caixaabank S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2014 a atalaya de observación no castelo da Rocha	050	33600	6090000	2014 2 ROCHA 26	7.909,26		
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Abanca Corporación Bancaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2016 actuacións no CIAC	020	17210	6230000	2016 2 CIAC 47	500,00		
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Abanca Corporación Bancaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2016 actuacións no CIAC	020	17210	6250000	2016 2 CIAC 47	1.997,67		
					24.000,00									24.000,00

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe
Centros Socioculturais, Barrios e Obras	040	15321	6190005	2021 2 EDISO 61	24.000,00
					24.000,00

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2018 a reforma do parque da Constitución	100	17100	6090000	2018 2 CONST 50	13.593,07
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Caixabank S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2014 a atalaya de observación no castelo da Rocha.	050	33600	6090000	2014 2 ROCHA 26	7.909,26
Baixas por anulación do crédito dispoñible Abanca Corporación Bancaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2016 actuacións no CIAC	020	17210	6230000	2016 2 CIAC 47	500,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible Abanca Corporación Bancaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2016 actuacións no CIAC	020	17210	6250000	2016 2 CIAC 47	1.997,67
					24.000,00

Baixas por anulación: **24.000 euros**

Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	24.000.00 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	24.000.00 €
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-09 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2021-CREXT-09 se contra o mesmo, non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

11. DETERMINACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2022.

A proposta da alcaldía de data 13 de xullo de 2021, en relación á determinación de festivos locais, ten o seguinte contido:

“Visto o escrito da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, solicitando a determinación de festivos locais para o ano 2022.

Propoño ao Pleno da Corporación, como festivos locais:

26 de maio, día da Ascensión.

16 de agosto, día de San Roque.”

Á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente a sesión do día 23 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda como festivos locais para o ano 2022, o 26 de maio, día da Ascensión, e o 16 de agosto, día de San Roque.

12. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS COMPROMETIDAS PARA A HUMANIZACIÓN DA ZONA DO RESTOLLAL, NO CASTIÑEIRIÑO.

O texto da proposición presentada con data 20 de xullo do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para a realización das obras comprometidas para a humanización da zona do Restollal, no

Castiñeiriño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos Orzamentos Participativos para 2017 presentouse unha proposta para a reurbanización do Restollal, que multiplicou nos últimos anos a súa poboación e que precisa a renovación dos seus espazos públicos conforme ás necesidades actuais.

Nesta proposta requírase unha solución para a reparación da beirarrúas rotas, a eliminación de desniveis e o ensanchamento das zonas destinadas a peóns fronte aos 11 carrís existentes para vehículos (dous de aparcadoiro).

Sinalábase a necesidade de ofrecer maior tranquilidade e comodidade para a veciñanza e tamén por se tratar dunha das maiores arterias da cidade e unha das súas entradas principais. Por esta razón, debería mostrar unha imaxe máis coidada, limpa e actual.

Incluía tamén a instalación de xardineiras para a separación entre tráfico rodado e zona peonil, a renovación da iluminación e o soterramento para os colectores de residuos.

O alcalde Sánchez Bugallo comprometeuse coa veciñanza do Castiñeiriño para a humanización da rúa do Restollal e de Amor Ruibal, na Pontepedriña, para que se transformen nunha avenida urbana e cun carril para bicicletas, co obxectivo de facilitar a mobilidade e a accesibilidade.

Con este compromiso do PSOE, efectuado en campaña electoral, perseguíase articular os polígonos de máis de 2.000 vivendas construídos en ambas as marxes para convertela nunha vía urbana e evitar a fragmentación que supón a actual estrada.

No proxecto que lle presentara Bugallo á veciñanza en campaña electoral diferenciábanse tres zonas. Para as de Amor Ruibal e Sar-Pontepedriña anunciou unha actuación para pasar de catro a dous carrís de circulación e desde a rotonda do Castiñeiriño até a rúa Enrique Vidal Abascal prevía transformar a parede existente nunha rampa axardinada, con dous carrís de circulación e unha vía de servizo a cada beira. Estas tres zonas contarían cun trazado de carril bici para facilitar a comunicación neste medio de transporte.

Transcorreron dous anos do mandato e o barrio do Castiñeiriño está abandonado, pois o Goberno local aínda non comezou con este proxecto de humanización para mellorar a accesibilidade e a cohesión entre unha beira e outra da calzada que anunciara por todo o alto en campaña electoral e que incluíu nas propostas para obter financiamento dos Fondos Next Generation, aínda que na última relación de proxectos públicos de 22 de abril de 2021 non aparece referenciada esta actuación de xeito específico.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago realizará as xestións necesarias para obter o financiamento, con prioridade dos fondos Next Generation, para encargar e aprobar un proxecto destinado á humanización da rúa do Restollal e de Amor Ruibal, na Pontepedriña, co obxectivo de que se transformen nunha avenida urbana e cun carril para bicicletas,

con continuidade en Clara Campoamor e que debería logo ter a súa ampliación cara as Fontiñas co fin de facilitar a mobilidade e a accesibilidade.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda que o concello realice as xestións necesarias para obter o financiamento, con prioridade dos fondos Next Generation, para encargar e aprobar un proxecto destinado á humanización da rúa do Restollal e de Amor Ruibal, na Pontepedriña, co obxectivo de que se transformen nunha avenida urbana e cun carril para bicicletas, con continuidade en Clara Campoamor e que debería logo ter a súa ampliación cara as Fontiñas co fin de facilitar a mobilidade e a accesibilidade.

13. PROPOSICIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR, COMPOSTELA ABERTA E BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN DE ESTUDO QUE AVALÍE E SUPERVISE A TRAMITACIÓN DE CREACIÓN DUN POLO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA NA SIONLLA.

Con data 20 de xullo de 2021, foi presentada a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“Os grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presentan, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte proposición:

O Concello de Santiago comprometeuse no se día a participar no desenvolvemento dun polo de innovación tecnolóxica na Sionlla, comprometéndose, para estes efectos, a ceder unha parcela municipal. A tal parcela foi solicitada o 5 de xuño de 2020 por unha das sociedades promotoras do proxecto non sendo ata case un ano máis tarde - o 21 de maio de 2021- que o Concello iniciou “o procedemento de concesión demanial”, aínda sen resolver. O tempo transcorrido entre a primeira solicitude e o mero inicio do expediente -que non a resolución- así como o exame do mesmo reflicten unha presumible falta de dilixencia e unha situación de desgobierno, particularmente no departamento de Urbanismo, especialmente grave por tratarse dun asunto estratéxico para a cidade pero que pode ser indicativa doutras situación semellantes.

É por iso polo que o Pleno do Concello insta ao correspondente órgano de Goberno a:

Constituír unha comisión de estudo de carácter especial, integrada consonte a un sistema de voto ponderado por dous membros de cada grupo municipal para que supervise a participación do Concello no proxecto de creación dun polo de innovación tecnolóxica, avalíe a presumible falta de dilixencia habida e esixa, no seu caso, as responsabilidades oportunas.”

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipais do PSdeG-PSOE acorda instar ao correspondente órgano de Goberno a constituír unha comisión de estudo de carácter especial, integrada consonte a un sistema de voto ponderado por dous membros de cada grupo municipal para que supervise a participación do Concello no proxecto de creación dun polo de innovación tecnolóxica, avalíe a presumible falta de dilixencia habida e esixa, no seu caso, as responsabilidades oportunas.

14. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE AS MELLORAS E REVISIÓNS NECESARIAS DA MOBILIDADE POR CAUSA DAS OBRAS DO CAMIÑO FRANCÉS NO BARRIO DE SAN PEDRO.

Foi presentada con data 20 de xullo, a proposición que a continuación se transcribe:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo tén como obxectivo establecer os mecanismos municipais necesarios para que se revise o resultado das obras da entrada do Camiño Francés na cidade, na rúa dos Concheiros, desde o punto de vista da mobilidade e a convivencia da veciñanza cos visitantes, peregrinos e turistas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 15 de febreiro do ano 2017, o alcalde de Santiago, Martiño Noriega; a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez; o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, e a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro; asinaban o protocolo de colaboración para a mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago no termo municipal de Compostela. Con aquela sinatura e colaboración, Concello e Xunta recoñecían que o acondicionamento dos tramos composteláns das distintas rutas xacobeas era unha materia pendente, e que deberían ser moitas as actuacións executadas de cara o Ano Santo de 2021.

A colaboración e o consenso institucional promovido polo goberno de Compostela Aberta, conseguía que se destinara unha cifra inicial de 4,2 millóns de euros -que finalmente alcanzará os 10 millóns- á mellora dos tramos composteláns das distintas rutas xacobeas. Segundo o acordo inicial, a Xunta encargárase de redactar os proxectos e de executar as obras, mentres que o Concello colaboraría na tramitación administrativa, posta a disposición dos terreos e reposición de servizos. O obxectivo que se marcaban ambas administracións era que as obras estiveran executadas no ano 2020.

En concreto, as actuacións centraríanse no Camiño Francés, no tramo que vai dende a baixada do Monte do Gozo á capela de San Lázaro; e xa no tramo que lle afecta ao barrio de San Pedro, e nas rúas das Fontiñas, Fonte de Concheiros e Concheiros, especialmente na reordenación do cruce coa avenida de Lugo. Tamén se contemplaban melloras no Camiño Inglés, no tramo que vai polo Polígono do Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca. A última actuación sería no Camiño Portugués, na chegada ao Mosteiro de Conxo e á rotonda sobre a SC-20.

Sobre a primeira das actuacións, as que afectan ao Camiño Francés, a obra dividíuse en partes, sendo executadas pola Xunta en todo o ámbito do cruce entre Rodríguez de Viguri, Fonte dos Concheiros, Rúa de Berlín e Avenida de Lugo. Unhas obras que foron executadas desde a maior das opacidades, sen presentar os proxectos á veciñanza e nas que nen Xunta, nen Concello, teñan informado sobre o resultado final. A primeira das administracións porque non quere e a segunda descoñeceuse se é que non quere ou simplemente non sabe cal vai ser eses resultado final.

Pola súa parte o goberno municipal decidiu executar directamente as que afectaban á rúa dos Concheiros, co obxectivo de que fora a administración pública máis achegada á veciñanza a que acometara uns traballos moi delicados. Unhas obras adxudicadas

en case 2,2 millóns de euros, en setembro de 2020, e cun período de execución inicial de 9 meses, que posteriormente foi ampliado.

Sen embargo esta execución municipal das obras non está a resultar, nin moito menos, óptima. Á falta de interlocución coa veciñanza do barrio de San Pedro, únenselle os contínuos cambios e modificacións das obras, realizados sobre a marcha e sen demasiada previsión, ata o punto de existiren diferenzas notables entre os planos que aparecen na licitación e a realidade actual da obra.

Non existiu comunicación coa veciñanza, mais tampouco cos bares e comercios da rúa que denuncian situacións como a de atopárense os accesos bloqueados nalgúns xornadas, impedindo a apertura dos negocios sen previo aviso. Ademais é unha queixa continua a falta de capacidade do concelleiro de Obras, Javier Fernández, que exerce máis unha labor de desinformación que de acompañamento.

Ademais durante a execución dos traballos son moitos máis os problemas que foron aparecendo como colocacións de árbores de porte demasiado alto que agora, parece, se valora cambiar; a Costa do Veedor e a Rúa do Rosario que quedaron destruídas por ter que soportar moito máis tráfico rodado do que deberían; dá a sensación de que non existiu un seguemento diario e control da obra posto que non hai interlocución nin se percibe presenza da xefatura de obra; ao que se suma as informacións do concelleiro de obras que transmite que os traballos terminaran en outubro -xa con atraso- mentres que a pé de obra falase de decembro.

A todo este caos e descontrol súmaselle que ata agora descoñécese o novo plano de mobilidade que vai afectar, e moito, á veciñanza. Non se sabe se as rúas da contorna van ou non van manter o mesmo sentido, e en xeral se existe ou non unha nova planificación para o tránsito rodado e como isto vai afectar ao tránsito peonil.

Tampouco se coñece que plans téñen o Concello a futuro para compensar as perdas das e dos comerciantes da zona, se van existir posibles compensacións, se vai haber algún tipo de tratamento específico ou non sobre o barrio de San Pedro.

Por todo o anterior, e co obxectivo de que se subsanen canto antes os defectos na execución das obras de mellora do Camiño Francés no barrio de San Pedro, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

1. Instar ao goberno local a informar das modificacións de mobilidade que se preven no ámbito e elaborar unha planificación e plan de mobilidade para o barrio de San Pedro que sexa participado e que conte coa opinión da veciñanza.
2. Instar ao goberno local a elaborar un plano de axudas específico para o comercio e hostalería do barrio, afectado polas obras e polo seu prolongamento no tempo.
3. Instar ao goberno local a establecer os mecanismos de diálogo e participación veciñal oportunos para realizar unha auditoría cidadá que recolla todas as queixas e eivas da execución das obras de mellora do Camiño Francés no barrio de San Pedro e entrada da cidade.
4. Instar ao goberno local e á Xunta de Galicia a colaborar institucionalmente para resolver todas as queixas e eivas recollidas nesa auditoría cidadá, para que sexan

solventadas no mínimo prazo posible.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA e 2 BNG), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda:

1. Instar ao goberno local a informar das modificacións de mobilidade que se preven no ámbito e elaborar unha planificación e plan de mobilidade para o barrio de San Pedro que sexa participado e que conte coa opinión da veciñanza.
2. Instar ao goberno local a elaborar un plano de axudas específico para o comercio e hostalería do barrio, afectado polas obras e polo seu prolongamento no tempo.
3. Instar ao goberno local a establecer os mecanismos de diálogo e participación veciñal oportunos para realizar unha auditoría cidadá que recolla todas as queixas e eivas da execución das obras de mellora do Camiño Francés no barrio de San Pedro e entrada da cidade.
4. Instar ao goberno local e á Xunta de Galicia a colaborar institucionalmente para resolver todas as queixas e eivas recollidas nesa auditoría cidadá, para que sexan solventadas no mínimo prazo posible.

15. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA O ESTUDO DAS POSIBILIDADES DE INCORPORAR Á RECUALIFICACIÓN DA PARCELA DO ANTIGO COLEXIO PELETEIRO DUNHA MAIOR UTILIDADE PÚBLICA.

Con data 20 de xullo do corrente ano, presentouse a seguinte proposición:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro de 2019, o Pleno do Concello de Santiago aprobou por unanimidade unha proposición presentada polo Grupo Popular a fin de “analizar as posibilidades” - posibilidades, en plural- de desenvolvemento urbanístico da parcela do antigo Colexio Peleteiro. Entre as tales posibilidades atopábase a de incorporar ás determinacións urbanísticas un maior uso público do previsto. No entanto, o debate dos posibles usos apenas asomou e menos aínda o estudo das posibilidades de dotar dun maior carácter ou utilidade pública á parcela.

Sen mellorar as motivacións dos cambios de usos, no se dedicou nin un minuto a valorar con rigor o posible incremento do valor real da parcela. A tramitación da recualificación precipítase, escamotéase o debate dos usos -e xa non se fala tampouco de facer da parcela “unha locomotora” para o Ensanche- e a atención desvíase ao debate de cara a onde debe estar orientada a praciña prevista.

E por todo iso que o Grupo Municipal Popular presenta para o seu debate e aprobación, se procede, o contido do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello insta ao corresponde órgano do Goberno local a que no marco da comisión especial de estudo creada en decembro de 2019 para analizar as posibilidades do desenvolvemento urbanístico da parcela do antigo Colexio Peleteiro se valore o posible incremento no valor real da parcela que se derivaría da recualificación anunciada, a que se exploren as posibilidades de dotar á parcela dun maior uso público ou dunha maior forza atractiva para o desenvolvemento socioeconómico do Ensanche e a que se reconsidere a edificabilidade e a ordenación volumétrica, prestando especial atención e apoio dos servizos técnicos municipais á posibilidade de que se manteña a abertura cara á República Arxentina.”

Á presente proposición presentou emenda o grupo municipal de Compostela Aberta, que non foi aceptada polo Partido Popular.

O debate da presente proposición fíxose conxuntamente co punto número 4 da orde do día.

Xa que logo, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG (8 PP e 2 BNG) e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de CA (10 PSdeG-PSOE e 5 CA), acorda instar ao corresponde órgano do Goberno local a que no marco da comisión especial de estudo creada en decembro de 2019 para analizar as posibilidades do desenvolvemento urbanístico da parcela do antigo Colexio Peleteiro se valore o posible incremento no valor real da parcela que se derivaría da recualificación anunciada, a que se exploren as posibilidades de dotar á parcela dun maior uso público ou dunha maior forza atractiva para o desenvolvemento socioeconómico do Ensanche e a que se reconsidere a edificabilidade e a ordenación volumétrica, prestando especial atención e apoio dos servizos técnicos municipais á posibilidade de que se manteña a abertura cara á República Arxentina.

16. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas comprendidas no período entre o día 18 de xuño ata o 15 de xullo de 2021, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén se da conta, das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Sesión extraordinaria urxente 15/06/21.
Sesión extraordinaria urxente 16/06/21.
Sesión ordinaria 21/06/21.
Sesión extraordinaria urxente 23/06/21.
Sesión ordinaria 28/06/21.
Sesión extraordinaria urxente 28/06/21.
Sesión extraordinaria urxente 29/06/21.
Sesión ordinaria 05/07/21.
Sesión extraordinaria urxente 06/07/21.
Sesión extraordinaria urxente 07/07/21.
Sesión extraordinaria urxente 08/07/21.
Sesión ordinaria 12/07/21.
Sesión extraordinaria urxente 12/07/21.

17. COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE, SEGURIDADE E FESTAS.

Comparece o concelleiro delegado de mobilidade, seguridade e festas, Don Gonzalo Muíños Sánchez.

Faise un descanso cando son as 13:58 horas.

Vólvese a retomar a sesión cando son as 16:09 horas, coa asistencia da totalidade dos/as concelleiros/as.

O señor interventor xa non se reincorpora ao resto da sesión.

18. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

- 1.- Rogo do grupo Municipal do BNG para impulsar o saneamento e abastecemento para que poidan instalarse novos establecementos no rural.
- 2.- Rogo do Grupo Municipal do BNG para pintar pasos de peóns no polígono de Costa Vella que unan os locais comerciais.
- 3.- Rogo do Grupo Municipal do BNG para a recuperación, dignificación e divulgación do Panteón Real da Catedral de Santiago de Compostela.
- 4.- Rogo do Grupo Municipal de Compostela Aberta para implementar varias melloras na integración da Estación Intermodal no Barrio de Pontepedriña.
- 5.- Rogo do Grupo Municipal do Partido Popular para a instalación dunha Rede e reorientar a iluminación na pista polideportiva do Carregal, no Eixo.
- 6.- Rogo do Grupo Municipal de Compostela Aberta para a diminución das listas de agarda do servizo de axuda no fogar.
- 7.- Rogo do Grupo Municipal de Compostela Aberta para que o Concello de Santiago cumpra coa normativa vixente para a instalación de cámaras de vixilancia dentro do ámbito do Plan Especial da Cidade Histórica.
- 8.- Rogo do Grupo Municipal do Partido Popular para a reparación ou reposición de catro lousas na beirarrúa da Rúa Doutor Teixeiro.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Pregunta do Grupo Municipal de Compostela Aberta sobre a execución do tramo da vía verde Santiago-Cerceda correspondente ao termo municipal de Santiago.
- 2.- Pregunta do Grupo Municipal de Compostela Aberta sobre a necesidade de habilitar unha zona de verde de estacionamento para a veciñanza das rúas dos Pintores Lino Villafínez e Modesto Brocos.
- 3.- Pregunta do Grupo Municipal do BNG ao Goberno Municipal encol ao Imposto de Plusvalías / IITNU.
- 4.- Pregunta do Grupo Municipal do BNG encol as axudas de apoio a actividades culturais.
- 5.- Pregunta do Grupo Municipal do BNG encol a licenza para encher de residuos o oco da canteira de Fecha vaia adiante, co fin de evitar un novo vertedoiro.
- 6.- Pregunta do Grupo Municipal do Partido Popular sobre o servizo de mantemento do cemiterio de Boisaca.
- 7.- Pregunta do Grupo Municipal de Compostela Aberta para que o Goberno Municipal informe das súas intencións ao respecto de varios servizos de limpeza e conserxarías

que actualmente ten en precario e sen contrato.

8.- Pregunta do Grupo Municipal do Partido Popular sobre a nova licitación do servizo das escolas infantís de Conxo e Fontiñas.

9.- Pregunta do Grupo Municipal do Partido Popular sobre a realización de consultas preliminares ao mercado e o acceso ao expediente de licitación do servizo de transporte urbano colectivo.

Preguntas resposta escrita:

1.- Pregunta do Grupo Municipal do BNG encol da apertura de procedemento do proxecto de novos aseos públicos na Avenida de Raxoi.

2.- Pregunta do Grupo Municipal do BNG referente á reforma do regulamento de Persoas Maiores para incorporar representantes de organizacións sindicais.

3.- Pregunta do Grupo Municipal do BNG de se ten previsto o Goberno Local ampliar o bonobús de balde ou a prezo superreducido para persoas desempregadas de longa duración.

19. MOCIÓNS.

As mocións tratadas na sesión son as que a continuación se transcriben:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA O COIDADADO E PROTECCIÓN DOS PARRULOS DO AUDITORIO E DA ALAMEDA DE SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ao grupo municipal de Compostela Aberta chegaronlle diversas queixas da veciñanza polas malas condicións nas que se atopan os parrulos que viven nos estanques do Auditorio e da Alameda de Santiago.

Estes parrulos atópanse nunhas condicións sanitarias e de salubridade moi deficitarias. A súa alimentación, por parte do Concello, é escasa, e non diaria. No Auditorio, os estanques e os terreos onde viven precisan ser limpados e requiren un mantemento periódico. Tamén é preciso que os animais sexan desparasitados, xa que presentan endoparásitos e ectoparásitos.

Ademais, son moitos os parrulos feridos por mordeduras de cans. Debido a estas malas condicións, os parrulos dos parques de Santiago están a morrer a idades temperás. Ademais estanse a introducir, por parte de particulares, novos parrulos, especies (cairina moschata) que tenden a ter moita descendencia, como aconteceu recentemente na Alameda, con 9 crías, e tamén, nalgúns casos especies territoriais que non deberían convivir con outras.

Os parrulos non son adornos ou xoguete, e debe garantirse, por parte da Administración local, que reciben os coidados adecuados e que están protexidos.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao Goberno local a:

Primeiro.- Impulsar medidas para a concienciación e formación dos coidados que precisan os animais, tanto por parte da Policía Local, para que estea vixiante e proceda a sancionar a quen abandona os parrulos; como do persoal de xardinería, para que se garanta a alimentación e as condicións de hixiene e salubridade precisas, se cubran partes das incidencias e se teña un control sobre o censo destes animais.

Segundo.- Garantir que non se introduzan máis animais nos estanques e aumentar a súa seguridade, con peches máis fortes. Garantir a desparasitación dos animais, a atención a aqueles que resulten feridos, e o traslado a un santuario dos parrulos da especie cairina moschata.

Terceiro.- Valorar a constitución dunha patrulla de Protección Civil formada en cuestións medioambientais e en protección dos animais.

MOCIÓN DO PSdeG-PSOE, TRANSFORMADA EN MOCIÓN CONXUNTA DOS CATRO GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS, PARA DECLARAR O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COMO ZONA DE LIBERDADE PARA AS PERSOAS LGTBIQ.

Debido ao auxe dos discursos homófobos promovidos polos partidos de extrema dereita, a situación actual da comunidade LGTBIQ nalgúns países, onde está sendo atemorizadora, sufrindo esta comunidade o aumento da súa persecución e das agresións LGTBIQfóbicas, chegando incluso a producirse no noso país, un dos máis pioneiros en promover os dereitos do colectivo LGTBI. Uns discursos que levan a ataques como os acontecidos en Santiago de Compostela, na fin de semana do pasado 20 de xuño, cando apareceron varios paneis destrozados da exposición promovida con motivo do Día Mundial das Persoas Refuxiadas. Uns actos vandálicos e un delito de odio, condenado polo goberno municipal e polo pleno da Corporación Municipal a través dunha moción conxunta. E agresións como a sufrida por unha muller trans, a principios de mes, na rúa de San Pedro.

Vista a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, así como o artigo 2 do Tratado da Unión Europea (TUE), a Convención Europea de Dereitos Humanos e a xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, a Declaración Universal de Dereitos Humanos, a Resolución do Parlamento Europeo sobre a declaración da UE como espazo de liberdade para as persoas LGTBIQ e a Resolución do Concello de Lisboa sobre a declaración da cidade como espazo de liberdade para as persoas LGTBIQ; consideramos que:

Os dereitos das persoas LGTBIQ son dereitos humanos e que o dereito á igualdade de trato e á non discriminación é un dereito fundamental recollido nos Tratados da UE e na Carta e debe respectarse plenamente.

Dende o ano 2019, máis de cen rexións, provincias e municipios en Polonia aprobaron resolucións que se declaraban libres da chamada "ideoloxía LGBTI" ou adoptaron "Cartas rexionais de dereitos da familia". En novembro do 2020, a cidade húngara de Nagykáta adoptou unha resolución que prohibía a "difusión e promoción da propaganda LGBTQ".

Estas resolucións discriminan directa e indirectamente ás persoas LGBTIQ e teñen como consecuencia directa o aumento dos actos de violencia, intolerancia e incitación ao odio dirixidas contra as persoas LGBTIQ ou contra as persoas consideradas LGBTIQ, segundo un estudo elaborado pola Axencia da Unión Europea. polos Dereitos Fundamentais en maio de 2020. Ademais, a Comisión Europea rexeitou, no marco do seu programa de irmandamento, as solicitudes de financiamento da UE de cidades polacas que adoptaron resolucións que as declaraban libres de ideoloxía LGBTI ou resolucións sobre familiares de dereitos; considerando que todos os fondos da UE xestionados ao abeiro do Regulamento de disposicións comúns 2021-2027 deben respectar o principio de non discriminación e os dereitos fundamentais establecidos no Tratado, incluso no relativo á orientación sexual.

Aínda que as persoas LGBTIQ en Polonia e Hungría se enfrontan a unha discriminación sistemática, este tamén é un problema en toda a Unión e non se realizou un gran progreso na mitigación da discriminación persistente, na incitación ao odio, nos delitos de odio e no acoso contra as persoas LGBTIQ.

Consideramos que as persoas LGBTIQ, en todos os Estados membros, seguen a sufrir un maior índice de discriminación en todos os ámbitos da vida, incluído o traballo e a escola, e unha alta prevalencia de agresións físicas, emocionais e sexuais; tanto no mundo virtual como no real, e especialmente entre a mocidade transxénero.

A loita contra a desigualdade na UE é unha responsabilidade compartida, que require esforzos e accións conxuntos en todos os niveis de goberno e, en particular, por parte dos organismos locais e rexionais, aos que se lles chama un papel fundamental. Son responsables de facer cumprir as tres cuartas partes da lexislación comunitaria e promover a igualdade e a diversidade, o recoñecemento, a protección e o avance dos dereitos humanos das persoas LGBTIQ, axudando a promover iniciativas destinadas a combater a discriminación diaria e os crimes de odio, sendo fundamentais para sensibilizar e promover o respecto a estes dereitos.

No noso país existe un aumento das agresións e incidentes de LGTBI-fobia, reflexándose nos datos proporcionados polo Observatorio contra a Homofobia, rexistrando 77 incidentes dende o 1 de xaneiro do 2021.

Por todo o exposto anteriormente, solicitamos ó pleno da Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Instar ao Pleno da Corporación a declarar o Concello de Santiago de Compostela como zona de liberdade para as persoas LGTBIQ, e libre de LGTBIQfobia.
2. Comprometerse coas políticas públicas para promover e protexer os dereitos das persoas LGTBIQ.

MOCIÓN PARA PERMITIR A CONTINUIDADE EN CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL A ALUMNADO MAIOR DE 21 ANOS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para que a Xunta realice os cambios normativos necesarios para permitir a continuidade de formación nos centros de educación especial ao alumnado maior de 21 anos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Plataforma de ANPA de Centros de Educación Especial de Galiza xa trasladou por escrito, desde hai 2 anos, diversas peticións ás institucións correspondentes para modificar o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade do alumnado para facilitar o seu desenvolvemento persoal, social e aprendizaxe, co fin de proporcionarlles a adquisición das competencias recollidas na lexislación educativa.

Para permitir que o alumnado con discapacidade poida permanecer en programas de Formación Profesional Básica despois dos 21 anos de idade é necesario realizar esa modificación regulamentaria. O artigo 20 dese decreto regula a escolarización en centros de educación especial mais limita a permanencia do alumnado nestes centros educativos aos que superen os 21 anos, poñendo fin de maneira abrupta e prematuramente ao proceso de adaptación de desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional que permite acadar o máximo rendemento posíbel das súas capacidades.

A excepcionalidade deste curso dificultou, aínda máis, o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe co peche de aulas, eliminación de actividades complementarias ou mesmo escolarización irregular e intermitente por prevención sanitaria, o que xustifica, como medida urxente e compensatoria, de cara ao vindeiro curso, a ampliación da escolarización do alumnado que cumpre os 21 anos ou máis e que non rematou a súa formación.

De feito, existe unha diverxencia entre o Decreto 229/2011 e o Decreto 107/2014, xa que este último permite a escolarización en programas formativos até os 26 anos.

Trátase dunha medida urxente para lles dar resposta ás necesidades de desenvolvemento persoal, formativo e social de mozos e mozas con discapacidade e que o Sistema para a Autonomía e Atención a Discapacitados, dependente de Política Social, tampouco ofrece.

Para iso, desde as ANPA, destacan que existe un antecedente para mudar a normativa co Goberno da Comunidade de Castela e León que, a finais de 2019, confirmou a adaptación da normativa para atender esta demanda e consideran que, polo tanto, é unha cuestión de vontade política.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

A Corporación municipal de Santiago de Compostela traslada o apoio a esta demanda da Plataforma de ANPA de Centros de Educación Especial de Galiza para que na Xunta se realicen, de urxencia, os cambios regulamentarios precisos para poder continuar o alumnado en programas de Formación Profesional Básica despois dos 21 anos de idade.

MOCIÓN PARA HABILITAR NOVOS PARQUES DE CANS CEIBOS E RETOMAR A CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN SOBRE BOS HÁBITOS E CONVIVENCIA CON MASCOTAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para que o Concello de Santiago instale novos parques reservados para cans ceibos e retome a campaña de concienciación sobre bos hábitos e convivencia con mascotas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2011 púxose en marcha unha campaña no concello de Santiago sobre a convivencia de mascotas con material divulgativo, dispensadores de bolsas con contedor para a recollida de excrementos e sinalización dos espazos onde se permiten cans ceibos.

Esta sinalización instalouse en zonas de parques para marcar os espazos preferentes para cans, onde poden pasear ceibos baixo o control e a responsabilidade dos seus donos e donas.

Segundo se describía nesa campaña, impulsada cando o BNG tiña responsabilidade nesta área de Goberno municipal, estes espazos de cans ceibos serven para convivir de xeito cívico, fomentando as boas prácticas en relación co espazo público e cos animais.

Estas zonas, delimitadas e separadas fisicamente da contorna, están habilitadas para que os cans e cadelas poidan relacionarse libremente entre eles, correr e xogar, potenciando o seu exercicio e sociabilidade.

Ademais, pretendíase ofrecer información sobre necesidade de identificación dos cans e cadelas, que os seus donos e donas recollan os seus excrementos e termen deles ao pasear; son normas para contribuír as mascotas e a veciñanza a manter unhas mellores relacións porque coidar da nosa cidade, dos seus espazos verdes e zonas urbanas é obriga de toda a cidadanía.

Na campaña facíase referencia tamén ás responsabilidades e compromisos coa sociedade e coas mascotas que se deben cumprir, no relativo a vacinas, tratamentos e bos hábitos hixiénicos, sanitarios e ambientais relativos aos excrementos, pois son fonte de contaxio de enfermidades entre mascotas e mesmo poden provocar a existencia de zonas contaminadas por parasitos que poden provocar focos de infección, ademais de reducir o espazo limpo de lecer.

Na actualidade, en Santiago de Compostela hai 15.877 cans inscritos no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e sete espazos sinalizados para deixalos ceibos, como son os parques de Belvís, Alameda, Carlomagno, Galeras, Pontepedriña, Conxo e praza da Constitución.

Porén, existe demanda de instalar novos parques de cans ceibos nas Fontiñas, Santa Marta e na Almáciga, segundo trasladaron ao BNG en diversas reunións coa veciñanza dos barrios. Na Almáciga mesmo iniciaron un proceso de recollida de sinaturas para o reclamar.

O BNG tamén recibiu queixas dos problemas do parque de cans na alameda, derivadas do cambio de emprazamento, onde ademais hai persoas que retiran a diario lixo, cristais, máscaras, plásticos, envases e xiringas, xa que estes residuos supoñen un problema para a seguranza de persoas e animais.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela estudará a instalación de novos parques reservados para cans ceibos e retomará a campaña de concienciación sobre bos hábitos e convivencia con mascotas.

MOCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DOS COMEDORES, EN DIÁLOGO COAS ANPA, PARA O PRÓXIMO CURSO ESCOLAR

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para a organización dos comedores, en diálogo coas ANPA, para o próximo curso escolar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xaneiro de 2022 expira a prórroga máxima do contrato dos comedores escolares, un contrato que concluíu en xaneiro de 2021, de aí que establecer unha planificación e redactar o novo prego de licitación deste concurso de acordo coas peticións da comunidade educativa ten que ser unha prioridade política máxima para mellorar a súa calidade. Tanto polos prazos como pola definición do propio modelo, co obxectivo de corrixir as numerosas deficiencias arrastradas desde anos atrás. Queda pendente tamén reclamarlle á Xunta que asuma a competencia da xestión directa dos comedores escolares.

Nos últimos catro anos seguiu un modelo con moitos problemas e cheo de queixas por parte das familias, en que non se atenderon as relativas á comida de baixa calidade e cantidade, falta de especialización das funcións a realizar e carencias na comunicación coa empresa prestadora do servizo. Deste xeito, desde o BNG emprazouse en reiteradas ocasións a convocar o Consello Municipal de Educación para poder mellorar este servizo, entre outras necesidades deste departamento.

De feito, as Asociacións de Nais e Pais (ANPA) desenvolveron un intenso traballo que tiña que facer a Administración de controlar, avaliar, redefinir o modelo de comedores, pór enriba da mesa alternativas, solicitar debate e buscar consenso, mesmo moi por diante da propia Administración local.

É necesario establecer nos novos pregos de contratación un límite da distancia para traer os alimentos -o chamado quilómetro cero-, a definición dun proxecto educativo onde a capital de Galiza debe ser vangarda e pioneira, a diferenciación por lotes de contratación para o servizo de alimentación e transporte e, por outro lado, o de monitoraxe e propiamente educativa. Isto axudaría tamén a que participasen empresas locais e comarcais. Ademais, non se debe renunciar a que se poidan facer varios lotes por colexios próximos, tamén na liña de ofertar unha proposta que poida dar traballo a pequenas empresas locais.

Cómpre incluír cociña e cociñeiros/as no propio centro, a comezar cunha experiencia piloto en dous deles, mentres non se poida estender a todos. En calquera caso, a proximidade máxima das cociñas aos colexios debe ser os 50 Km que din as ANPA, unha distancia máis que suficiente.

Propónse a utilización de produtos de proximidade, frescos, galegos, ecolóxicos e de tempada, que favorecen o tecido empresarial local e o pequeno comercio, o que redundará na calidade do servizo e na economía compostelá e galega.

Débense corrixir os problemas suscitados nos comedores escolares a inicio de curso 2020-2021, cando por vez primeira non atenderon o dereito de acceso universal e se abriu a posibilidade de recortar prazas. Para iso, hai que reforzar a atención deste servizo en troques de disuadir a inscribirse, ao poñer trabas por acudir en días soltos, sumado ao caos organizativo cando a finais de setembro había centos de familias que aínda descoñecían se ían dispoñer de praza no comedor escolar, co que iso implica para a conciliación familiar e laboral.

Naquel decreto que contiña propostas como que prime máis o criterio de levar os 5 días a semana ao comedor fronte a quen pode decidir levalos 1 ou 2, en moitos casos por temas de conciliación laboral e teletraballo, cando era unha recomendación especial das autoridades sanitarias nun contexto de pandemia, e a idea de entregar unha bolsa con comida directamente ás crianzas estaban máis feitas desde a perspectiva de facilitarlle a traballo á empresa que beneficiar a comunidade educativa.

Tamén houbo irregularidades ao non seren suficientes os menús subministrados e que non chegasen para todos/as os nenos/as. A alimentación nesta etapa vital do alumnado debe ser tomada en serio por parte do Concello e esixirle á empresa concesionaria deste servizo que garanta a súa calidade. Non pode volver acontecer que en varios centros reciban 30 menús de menos nunha xornada e que teñan que repartir os existentes entre todos/as os comensais.

A iso sumáronse as dificultades das ANPA que xestionan comedores de determinados centros escolares, ao efectuar o Goberno local os pagamentos das bolsas con 6 meses de demora, cando son entidades sen ánimo de lucro que se ven na obriga de sufragar os gastos por adiantado. A nova convocatoria debe ter a previsión dun pagamento anticipado por parte do Concello de Santiago.

Existen experiencias positivas na contorna próxima, como as do Concello de Ames, que incrementan o número de prazas de comedor para o vindeiro curso escolar coa apertura dun novo centro na Maía, en Bertamirás, con máis de 300 matrículas. De feito, para o próximo curso xa teñen arredor de 1.400 nenos e nenas inscritas grazas á boa organización e ao recoñecemento da calidade do servizo.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Goberno local establecerá unha planificación, en diálogo coas ANPA, para incluír no prego de contrato un novo modelo de comedores escolares con condicións que aposten pola alimentación saudábel, os produtos de proximidade, a garantía do acceso universal, a experiencia piloto da cociña no propio centro, a fragmentación por lotes especializados e o pagamento por anticipado.

MOCIÓN PARA HABILITAR UNHA INSTALACIÓN EXTERNA ADECUADA NA PRAZA DO IRMÁN GÓMEZ QUE FACILITE O LABOR DA COCIÑA ECONÓMICA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico

municipal, presenta a seguinte moción para que o Concello de Santiago, de acordo coa Cociña Económica, dispoña dunha instalación adecuada na praza do Irmán Gómez para gozarse da chuvia e da calor as persoas usuarias e para facilitar o labor desta entidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Cociña Económica de Santiago de Compostela é unha institución benéfica de carácter privado, das Fillas da Caridade de San Vicente de Paul e Luisa de Marillac, que se creou en 1891 co obxecto de favorecer ou axudar á clase proletaria e indixente, proporcionándolle alimentación nutritiva, san e barata, estendéndose a todos/as os/as que o demanden a mínimos prezos e dando educación e instrución a un sen número de persoas que alí concorren e carecen dela, segundo recolle o seu regulamento.

Entre 2015 e 2016 producíronse obras con preto de 1 millón de euros de orzamento que permitiron ampliar o comedor con 56 prazas máis. Así, na actualidade hai un comedor principal con 126 prazas e dous comedores auxiliares con 16 e 20 prazas. Ademais, optouse por un sistema de autoservizo, que permite dar máis comidas diarias. Para iso, as cociñas foron trasladadas desde a planta baixa ao primeiro andar do edificio. Habilitouse unha zona de estar en que as persoas usuarias poden agardar a súa quenda para comer, para evitar as longas colas que se formaban a diario na praza do Irmán Gómez.

Durante o período de confinamento por mor da pandemia da covid-19 tiveron que adaptar o funcionamento e chegaron a ofrecer alimentación para máis de 230 persoas diarias. Durante os períodos de restricións, entre as 12:30 e 13:30 horas, acudían a este comedor máis de 100 persoas para recoller cadansúa friameira co menú do mediodía e unha bolsa con alimentación para noite. Na actualidade acoden arredor de 140 persoas.

Este labor fundamental da Cociña Económica de Santiago dispón da colaboración de diversas institucións públicas e privadas, xunto con voluntariado, tendo en conta suple as carencias de non dispor dun sistema público para garantir a alimentación de moitas persoas con escasos de recursos económicos.

De feito, a organización tivo que adecuarse ás normas do comité clínico e na actualidade persoas colaboradoras coa Cociña Económica están a recoller sinaturas para procurar un sistema de acubillo da chuvia e da calor na praza do Irmán Gómez, que pode ser unha carpa ou outro método que se considere apropiado.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela, de acordo coa Cociña Económica, disporá dunha instalación adecuada na praza do Irmán Gómez para gozarse da chuvia e da calor as persoas usuarias e para facilitar o labor desta entidade.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DP0701 DE SANTIAGO ATA PORTOMOURO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico

municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A estrada provincial DP0701 conecta Compostela co veciño municipio de Val do Dubra onde empata coa DP1914 sendo a combinación de ambas vías un dos eixos que articula o interior da provincia e nomeadamente a comarca de Santiago coa de Bergantiños e a Costa da Morte. No anterior mandato, a principios de 2019, coa posta en funcionamento da variante de Aradas, longamente demandada polo Concello de Santiago á Xunta de Galicia, este viario convertiuse na conexión máis accesible de toda esta área xeográfica co Polígono do Tambre.

Pasados xa máis de dous anos, existe xa a marxe temporal suficiente para avaliar o impacto da variante de Aradas no aumento do tránsito rodado e os novos fluxos que afecten directamente á DP0701. É por iso que cómpre impulsar a colaboración entre o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña co fin de realizar un estudo con medicións dos impactos antes mencionados para poder valorar a execución de melloras que repercutan na seguridade viaria das persoas e vehículos usuarios desta estrada.

Entre outras necesidades, cómpre garantir a mobilidade segura de vehículos e veciñanza na contorna do lugar do Queiroal na Peregrina, así como das zonas máis próximas da Ponte do Romaño. Existe un punto negro na incorporación a Lamascal que cómpre solucionar, así como, sendo este un viario cun elevado uso de ciclistas, garantir máis medidas de seguridade para a correcta convivencia cos vehículos motorizados.

Outras medidas a ter en conta serían a posibilidade de habilitar un estacionamento de borde, no Romaño, para que, combinado co aumento das frecuencias das liñas P4, moitos vehículos non teñan a necesidade de acceder á zona urbana. Unha vez implementada a variante de Aradas cómpre recuperar a idea de incorporar a urbanización do Avio-Torreira-Romaño ao Plan de Travesías da Deputación para dar continuidade ás melloras urbanas realizadas hai máis de 10 anos xa no tramo de Galeras-Salvadas-Vista Alegre.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar á Deputación da Coruña a:

- Colaborar co Concello de Santiago para que se realice un estudo sobre a seguridade viaria e melloras a implementar na estrada DP0701 de titularidade provincial, para posteriormente orzar estas obras.
- Incorporar nos próximos planos de travesías provincial a reurbanización das rúas do ámbito Avio-Torreira-Romaño.

MOCIÓN SOBRE A CONVOCATORIA DUNHA PRAZA DE XORNALISTA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 8 de xullo o Boletín Oficial do Estado publicaba a Real Decreto-lei 14/2021, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Como é sabido, a evolución do emprego no sector público en España vén marcada polo aumento da taxa de temporalidade, que chegou ao extremo de que case un trinta por cento dos empregados públicos en España teñen ou tiveron un vínculo profesional temporal coa Administración Pública.

Desa forma, a pesar de que nas sucesivas regulacións sobre a materia xa se establecía a limitación no nomeamento do persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal a casos excepcionais de indubidable e estrita necesidade e que os mesmos só podían realizarse polo tempo imprescindible ata a súa cobertura por funcionarios de carreira, a realidade mostrounos un constante e sostido aumento da taxa de emprego temporal.

A doutrina que fixou o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) nesta materia dispón que as autoridades españolas teñen que instaurar medidas efectivas que disuadan e, no seu caso, sancionen de forma clara o abuso da temporalidade; e que as diferenzas no réxime xurídico do persoal temporal e do fixo deben basearse unicamente en razóns obxectivas que poidan demostrar a necesidade destas diferenzas para lograr o seu fin.

En paralelo, o Tribunal Supremo en recurso de casación para a unificación de doutrina, mediante sentenza do 28 de xuño de 2021 (Roj: STS 2454/2021 - ECLI:É:TS:2021:2454) establece unha nova doutrina sobre a duración dun contrato de interinidade por vacante no sector público tras a sentenza do TXUE, sendo que decidiu, por unanimidade, rectificar a aplicación que viña facendo da súa propia doutrina en relación á duración do contrato de interinidade por vacante no sector público.

A falta de previsión normativa, a Sala entende, con carácter xeral, que unha duración superior a tres anos debe considerarse inxustificadamente longa, o que comportará que o traballador interino pase a ostentar a condición de indefinido non fixo. E, tamén, que o cómputo de tal prazo non pode verse interrompido por normas orzamentarias sobre paralización de ofertas públicas de emprego, xa que a cobertura de vacantes cubertas por traballadores interinos non implica incremento orzamentario.

Neste novo contexto normativo, o Concello ten convocada para a súa provisión interina unha praza de xornalista, coa denominación e características seguintes: Persoal funcionario interino da escala de Administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, subgrupo de clasificación A1, nivel 20 de complemento de destino, denominación da praza “ Xornalista”, como persoal de apoio non desenvolvemento das tarefas de comunicación e información relacionadas coa actividade da administración local, en especial redes sociais e páxina web.

A dita praza ten un carácter eminentemente estrutural e debería convocarse para a súa provisión definitiva.

Asemade, a dita convocatoria establece unha duración que podería incluso superar os tres anos, chegando en concreto ata os catro anos.

Con todo, o Concello opta por un sistema de interinaxe cos riscos que hoxe produce a dita cobertura, e neste sentido chama poderosamente a atención que o sistema de selección sexa unha única proba selectiva, obrigatoria e eliminatoria, que consistirá no desenvolvemento dun suposto práctico, cando noutras convocatorias celebradas polo Concello o proceso de selección se realiza mediante proba tipo test, caso práctico e valoración de méritos.

Neste sentido, é preciso lembrar que á devandita praza presentáronse preto de 100 aspirantes, dos cales 74 se atopan inmersos no devandito proceso, sendo que a elaboración como proba dun só caso práctico podería xerar dúbidas en canto á obxectividade da resolución.

Á vista do anterior, o Grupo Municipal Popular presenta para a súa consideración e aprobación, se procede, o seguinte:

ACORDO:

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Goberno local a que, previos os informes e trámites preceptivos, deixe sen efecto a convocatoria da praza de xornalista, para que se proceda:

a) A súa cobertura en provisión definitiva.

b) Con carácter subsidiario para o suposto de xustificar a posibilidade da súa cobertura segundo a nova normativa e doutrina do Tribunal Supremo, se proceda á modificación das bases para os efectos de dotar de maior obxectividade e seguridade xurídica a convocatoria efectuada.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA CAMPAÑA DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN PARA DAR A COÑECER AS PRESTACIÓNS SOCIAIS ÁS QUE PODE ACCEDER A VECIÑANZA DE SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 15 de xullo, o Instituto Nacional de Estadística publicaba a Enquisa de Condicións de Vida relativa ao ano 2020, un informe que deixa ben claras as consecuencias que a pandemia do coronavirus tivo nas familias. O estudo recolle o aumento da taxa de risco de pobreza ou exclusión social, que pasou do 25,3% ao 26,4%; e sinala que a porcentaxe de poboación en situación de carencia material severa subiu do 4,7 ao 7 por cento.

No caso de Galicia, a Enquisa de Condicións de Vida do INE apunta que case tres de cada dez residentes, 773.000, sufrían a finais de 2020 algún tipo de carencia material en cuestións básicas, como poder consumir carne ou peixe dúas veces á semana, poder manter a súa vivenda a boa temperatura, ou poder pagar a tempo os recibos. En situación de pobreza severa, segundo ese informe, atopábanse, a finais de 2020, máis de 140.000 galegos e galegas.

Os datos deste informe confirman a evolución da que veñen advertindo diferentes entidades sociais desde o inicio da pandemia da Covid-19, que tamén en Santiago veñen alertando do notable incremento do número de persoas que recorren a elas na procura de axudas para afrontar a grave situación económica que sofren.

Case ano e medio despois da primeira declaración do estado de alarma por mor do coronavirus a situación non mellorou. Todas as semanas coñecemos os chamamentos de diferentes entidades que recoñecen ter dificultades para atender todas as demandas de axuda. Cáritas, o Banco de Alimentos, o albergue de Xoán XXIII, a Cociña Económica, a Asociación Paluso... son algunhas desas entidades que reiteradamente sinalan o incremento do número de usuarios, sinalando que o seu perfil é maioritariamente o de persoas que nunca tiveran que botar man deste tipo de axudas sociais. Nalgúns casos, estas entidades mesmo atenden cuestións que non son aquelas para as que inicialmente están constituídas, como é o caso do Albergue de Xoán XXIII que mesmo desenvolveu campañas de recollida de alimentos para persoas que non utilizaban as instalacións para pernoctar.

O incremento da demanda deste tipo de entidades queda reflectido tamén no balance de Cáritas Interparroquial Santiago, que segundo os datos que presentou a comezos do mes de xuño, en 2020 atendeu a un total de 16.744 persoas, das que máis do 54% foron mulleres. Durante os primeiros meses do confinamento, o número de persoas que recibiron axuda da organización social vinculada á Igrexa incrementouse nun 43% con respecto ao ano anterior.

Estes datos, e a situación de denuncian as entidade sociais, contrastan cos balances que fai a concellería de Políticas Sociais con respecto ás axudas outorgadas polo Concello de Santiago. Segundo se recolle nun informe achegado ao grupo municipal de Compostela Aberta, *“ao longo do ano 2020, 217 unidades familiares de convivencia con residencia no termo municipal de Santiago de Compostela foron ou estiveron sendo beneficiarias dalgunha das prestacións reguladas na Ordenanza de Garantía Básica Cidadá”*. En concreto, contabilizáronse o ano pasado 104 Rendas de Garantía Básica, e 113 prestacións de rescate social. Destas últimas, a maioría, 78, foron prestacións para a cobertura de necesidades básicas. Tal e como salienta a concellería de Políticas Sociais no seu informe, as prestacións de rescate social baséanse *“no principio de complementariedade, actúan en moitas ocasións como recurso ponte de cobertura de necesidades básicas á espera de ter a correspondente resolución doutro recurso público e, noutras ocasións, cando ese recurso público é insuficiente para cubrir a necesidade complementase co municipal”*.

No balance elaborado polo departamento de Servizos Sociais ao remate do pasado mandato recollíanse os datos da aplicación da Ordenanza de Garantía Básica en 2018. Nese ano tramitáranse 126 solicitudes da renda de garantía básica, e 206 solicitudes das prestacións de rescate social. Dentro destas, tramitáranse 146 solicitudes da prestación para a cobertura das necesidades básicas (case o dobre que en 2020), e 21 solicitudes das prestacións de habitabilidade e pobreza enerxética.

Resulta sorprendente que o número de solicitudes destas prestacións se vexan reducidas notablemente xusto no momento no que maior demanda de axudas sociais teñen que atender outras entidades. É aínda máis sorprendente no caso das prestacións de rescate, que tal e como recolle o informe técnico que lle foi achegado ao grupo municipal de Compostela Aberta, se basean *“no principio de complementariedade”*. Estas axudas, tal e como se recolle na Ordenanza, son unhas

prestacións económicas de carácter extraordinario e puntual, destinadas a atender situacións de urxencia que afecten a persoas ou unidades de convivencia e, xa que logo, serían a ferramenta máis acaída para as persoas que veñen sufrindo as consecuencias económicas da pandemia da Covid.

No pasado mandato, o departamento de Servizos Sociais fixo un notable esforzo para dar a coñecer a Ordenanza de Garantía Básica entre os posibles beneficiarios e beneficiarias. Para iso, activouse unha páxina web que segue operativa, pero sen ningún tipo de actualización (<http://mais.social.santiagodecompostela.gal/>); e tamén se editou material promocional que se distribuiu en determinados puntos estratéxicos da cidade. No que levamos de mandato, non se realizou ningún tipo de acción similar, un desleixo que contrasta co esforzo realizado para dar a coñecer o Ingreso Mínimo Vital posto en marcha polo Goberno central.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Instar ao correspondente órgano de goberno a pór en funcionamento unha campaña informativa e de difusión, entre a veciñanza de Santiago, das diferentes prestacións municipais ás que poden acceder as persoas con maiores necesidades, nomeadamente as prestacións de rescate social e tamén a renda municipal de garantía básica cidadá.

2. Que na mesma campaña se preste información sobre compatibilidades e complementariedade das prestacións municipais con outras tanto de carácter estatal como o Ingreso Mínimo Vital ou de ámbito galego como a Renda de inclusión social de Galicia (Risga).

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA, para o coidado e protección dos parrulos do Auditorio e da Alameda, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA e 2 BNG), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular acorda, instar ao Goberno local a:

Primeiro.- Impulsar medidas para a concienciación e formación dos coidados que precisan os animais, tanto por parte da Policía Local, para que estea vixiante e proceda a sancionar a quen abandona os parrulos; como do persoal de xardinería, para que se garantan a alimentación e as condicións de hixiene e salubridade precisas, se cubran partes das incidencias e se teña un control sobre o censo destes animais.

Segundo.- Garantir que non se introduzan máis animais nos estanques e aumentar a súa seguridade, con peches máis fortes. Garantir a desparasitación dos animais, a atención a aqueles que resulten feridos, e o traslado a un santuario dos parrulos da especie cairina moschata.

Terceiro.- Valorar a constitución dunha patrulla de Protección Civil formada en cuestións medioambientais e en protección dos animais.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE,

transformada en moción conxunta dos catro grupos políticos municipais, para declarar o concello como zona de liberdade para as persoas LGTBIQ, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as acorda:

1. Declarar o Concello de Santiago de Compostela como zona de liberdade para as persoas LGTBIQ, e libre de LGTBIQfobia.
2. Comprometerse coas políticas públicas para promover e protexer os dereitos das persoas LGTBIQ.

Na moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego para permitir a continuidade en centros de educación especial a alumnado maior de 21 anos, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (2 BNG, 5 CA e 10 PSdeG-PSOE), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular acorda, trasladar o apoio á demanda da Plataforma de ANPA de Centros de Educación Especial de Galiza para que na Xunta se realicen, de urxencia, os cambios regulamentarios precisos para poder continuar o alumnado en programas de Formación Profesional Básica despois dos 21 anos de idade.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego para habilitar novos parques de cans ceibos e retomar a campaña de concienciación sobre os bos hábitos e convivencia coas mascotas, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as acorda, que o concello estude a instalación de novos parques reservados para cans ceibos e retome a campaña de concienciación sobre bos hábitos e convivencia con mascotas.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego para a organización dos comedores escolares, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e de Compostela Aberta (2 BNG e 5 CA), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP) acorda, que o goberno local estableza unha planificación, en diálogo coas ANPA, para incluír no prego de contrato un novo de modelo de comedores escolares con condicións que aposten pola alimentación saudábel, os produtos de proximidade, a garantía do acceso universal, a experiencia piloto da cociña no propio centro, a fragmentación por lotes especializados e o pagamento por anticipado.

Na moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego para habilitar unha instalación externa adecuada na Praza do Irmán Gómez que facilite o labor da cocina económica, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as acorda, que o concello, de acordo coa Cociña Económica, disporá dunha instalación adecuada na Praza do Irmán Gómez para gorecerse da chuvia e da calor as persoas usuarias e para facilitar o labor desta entidade.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para mellorar a seguridade viaria na estrada DP0701 de Santiago a Portomouro, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as acorda, instar a Deputación da Coruña a:

- Colaborar co Concello de Santiago para que se realice un estudo sobre a seguridade

viaria e melloras a implementar na estrada DP0701 de titularidade provincial, para posteriormente orzar estas obras.

- Incorporar nos próximos planos de travesías provincial a reurbanización das rúas do ámbito Avio-Torreira-Romaño.

Na moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular sobre a convocatoria dunha praza de xornalista, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP e 2 BNG), 5 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, e 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e ao darse empate prodúcese unha segunda votación na que se obtén o mesmo resultado, e co voto de calidade do alcalde-presidente, rexeitase a presente moción.

Auséntase da sesión, Dona María Castelao Torres.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para a posta en marcha dunha campaña de difusión e promoción para dar a coñecer as prestacións sociais ás que pode acceder a veciñanza de Santiago, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular (5 CA, 2 BNG e 7 PP), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Instar ao correspondente órgano de goberno a por en funcionamento unha campaña informativa e de difusión, entre a veciñanza de Santiago, das diferentes prestacións municipais ás que poden acceder as persoas con maiores necesidades, nomeadamente as prestacións de rescate social e tamén a renda municipal de garantía básica cidadá.

2. Que na mesma campaña se preste información sobre compatibilidades e complementariedade das prestacións municipais con outras tanto de carácter estatal como o Ingreso Mínimo Vital ou de ámbito galego como a Renda de inclusión social de Galicia (Risga).

Remata a sesión ás 19:42 horas. Dou fe.